# IES " ARCEBISPO  XELMIREZ I "

# SANTIAGO

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DE INGLÉS

**CURSO 2022/23**

**ÍNDICE**


1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN....8

1.1.INTRODUCIÓN....8

1.2. DESCRICIÓN DO CENTRO....12

1.3. DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO....12

1.4. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS....13

1.5. RECURSOS MATERIAIS DISPOÑÍBEIS NO CENTRO....14

1.5.1. RECURSOS ESPACIAIS DISPOÑÍBEIS NO CENTRO....15

1.5.2. CRITERIOS DE UTILIZACIÓN DOS ESPAZOS COMÚNS....15

2. OBXECTIVOS....16

2.1. OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA....16

2.1.1.CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO....19

2.2. OBXECTIVOS DO BACHARELATO....23

2.2.1.CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO....25

3. METODOLOXÍA....27

3.1. AS COMPETENCIAS CLAVE INTEGRADAS....28

3.2. COMPETENCIAS CLAVE....29

3.3. COMPETENCIAS CLAVE NESTA MATERIA....37

3.4. COMPETENCIAS CLAVE A TRAVÉS DOS LIBROS DE TEXTO........................................................................................40
4. ELEMENTOS TRANSVERSAIS........................................................................................................................44

5. PROGRAMACIÓN DE 2º ESO.........................................................................................................................46
5.1. PERFIL COMPETENCIAL. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE......................................................................................................................................46
5.2. UNIDADES DIDÁCTICAS..............................................................................................................................49
5.3 DISTRIBUCIÓN DO CURRÍCULO EN UNIDADES DIDÁCTICAS.............................................................................52
5.4 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS...................................................................................................................106
5.5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS...........................................................................................................111
5.6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE........................................................................................................117
5.7. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO..........................................122
5.8. CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO..............................................134
5.8.1. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA...........................................................158
5.8.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN............................................................................162
5.8.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN...............................................................................................................164

6. PROGRAMACIÓN DE 4º DE ESO....................................................................................................................166
6.1. PERFIL COMPETENCIAL. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.....................166

6.2 UNIDADES DIDÁCTICAS....168
6.3 DISTRIBUCIÓN DO CURRÍCULO EN UNIDADES DIDÁCTICAS....169
6.4 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS....199
6.5 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS....206
6.6. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....212
6.7. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO....214
6.8 CRITERIOS SOBRE A CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO....225
6.8.1. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA....225
6.8.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN....228
6.8.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN....230
7. PROGRAMACIÓN DE 2º DE BACHARELATO....252
7.1 PERFIL COMPETENCIAL. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE....252
7.2 UNIDADES DIDÁCTICAS....254
7.3 DISTRIBUCIÓN DO CURRÍCULO EN UNIDADES DIDÁCTICAS....256
7.4 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS....309
7.5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS....314
7.6. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO ....320
7.7. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE....335

7.8 CRITERIOS SOBRE A CUALIFICACIÓN, AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO........................................337
7.8.1. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA....................................................................337
7.8.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN..............................................................................338
7.8.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN...............................................................................................................339
8. SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA.................................................................................................................362
8.1. MATERIAIS CURRICULARES......................................................................................................................363
8.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.................................................................................................................364
9. ESA (EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS) ..........................................................................................365
10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO..........................................................465
11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS ..........................................................................................466
12. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.........................................................................................................................................467
13. PLAN DE ATENCIÓN AO ALUMNADO REPETIDOR........................................................................................468
14. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR.............................................................................................................468
15. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC.....................................................................................................................469
16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA...............................................................................................471
17. EDUCACIÓN EN VALORES...........................................................................................................................473

**18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO DIDÁCTICO.......................................................................................................................................................475**

**19. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE...............................477**

**19.1. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO.....................................................................477**

**19.2. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE.......................................................................478**

**20. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA...........................479**

**20.1. PERIODICIDADE COA QUE SE REVISARÁ A PROGRAMACIÓN..................................................................................479**

**20.2. INDICADORES DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA..........................................................................479**

**21 ADAPTACIÓN Á DOCENCIA NON PRESENCIAL ........................................................................................................480**

**22. RÚBRICAS.......................................................................................................................................................481**

**22.1. EXPRESIÓN ESCRITA.................................................................................................................................482**

**22.2. EXPRESIÓN ORAL.....................................................................................................................................485**

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

A presente Programación elaborouse tendo en conta o **Real Decreto 1105/2014 do 26 de decembro**, polo que se establece o currículo básico da ESO e do bacharelato a nivel estatal, e o **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo coa **Lei Orgánica de Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) (8/2013 do 9 de decembro)**. Foi elaborada para ser levada á práctica no IES "A. Xelmirez I" de Santiago de Compostela por parte da xefatura de departamento de Inglés y de acordo co profesorado adscrito ao mesmo. Todo este documento foi preparado tendo presentes as características do centro, o tipo de alumnado que cursa os seus estudios no mesmo e as súas necesidades, expectativas e rasgos definitorios.

### 1.1 INTRODUCIÓN

A lingua é o instrumento por excelencia da aprendizaxe e a comunicación. Tanto as linguas primeiras como as linguas estranxeiras forman parte na actualidade, e cada vez farano máis no futuro, da bagaxe vital das persoas nun mundo en continua expansión no que, á vez, as relacións entre individuos, países, organismos e corporació-ó ns fanse máis frecuentes e máis estreitas. Na medida na que esa bagaxe comprende diversos coñecementos, destrezas e actitudes en diversas linguas, é dicir un perfil plurilingüe e intercultural, o individuo está mellor preparado para integrarse e participar nunha variedade de contextos e de situacións que supoñen un estímulo para o seu desenvolvemento, e mellores oportunidades, nos ámbitos persoal, público, educativo ou académico, ocupacional e profesional.

Cunha clara vocación educativa e de aprendizaxe, onde os alumnos aprenden inglés a través de actividades motivadoras con carácter lúdico, que permiten de maneira inconsciente e natural a adquisición da lingua estranxeira, e que encerran o reto de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua

estranxeira, non só como unha materia máis, senón coma o descubrimento dun mundo externo do que todos formamos parte responsable, promóvese a interacción na clase para desenvolver unha actitude de alerta cara ás normas e ós valores sociais, dentro dos principios psicopedagóxicos nos que se fundamenta o deseño curricular para a etapa da Educación Secundaria.

A finalidade do noso proxecto é, en primeiro lugar, conseguir que o alumnado adquira tódalas competencias marcadas pola LOMCE, centrándonos, como é lóxico, na competencia en comunicación lingüística, e facendo especial énfase nas competencias sociais e cívicas, aprender a aprender e sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Por outra banda, incorporar o conxunto de elementos transversais no proceso de aprendizaxe, recollidos tamén pola LOMCE. Como é de agardar, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual e as TIC vanse traballar intensamente ó longo de todo o proceso. Así mesmo terán cabida na aprendizaxe da lingua estranxeira a promoción da igualdade de oportunidades, a non discriminación, a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, a prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos eidos, rexeitamento a calquera tipo de violencia, racismo e xenofobia, respecto ás vítimas do terrorismo, o desenvolvemento sostible e o medio ambiente, os riscos de explotación e abuso sexual, as situacións de risco no uso das TIC, a protección ante emerxencias e catástrofes, o desenvolvemento do espírito emprendedor, a actividade física e a dieta equilibrada, a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico.

Este proxecto ten en conta cambios tan significativos e evidentes coma a globalización, que practicamente esixe o dominio dunha segunda lingua estranxeira, e o impacto das novas tecnoloxías, repercutindo directamente nos alumnos á hora de aprender, de comunicarse ou de executar unha tarefa, elementos que son nunha prioridade e un instrumento clave no proceso de aprendizaxe, non só na etapa á que fai referencia este documento, senón ó longo de toda a vida.

Neste proxecto, o profesorado deberá crear as condicións esenciais para que se produza a aprendizaxe, atendendo particularmente á diversidade nas habilidades e expectativas de cada alumno e á busca do desenvolvemento do talento de cada un deles. Así mesmo preparará e organizará o traballo, axudando no desenvolvemento do mesmo; coordinará accións, impulsando actitudes positivas cara ó idioma e á cultura inglesa, captando e desenvolvendo o interese do alumno cara ó novo e á creatividade, participando de maneira activa e reflexiva, e tratando os erros coma sinais de progreso. Pola súa parte, o alumnado debe participar de maneira activa no seu proceso de aprendizaxe, sendo, como define a LOMCE, o centro e a razón de ser da educación.

A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, mo- tor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que esta educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüístícas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia peran- te

palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas efica- ces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

No contexto escolar, a aprendizaxe das linguas está dirixida ao logro de obxectivos similares, aínda que con diferentes niveis de dominio. Por iso, un estudo integrado de todas as linguas posibilita, por unha banda, que os contidos, as estratexias e os procesos traballados nunha lingua sexan igualmente utilizados nas actividades lingüísticas de comprensión e produción nas demais e, por outra, que se poida focalizar, no proceso de ensino e aprendizaxe, nos elementos diferenciadores e en todos aqueles aspectos que teñen incidencia directa na capacidade de comu- nicarse adecuadamente. Xa que logo, o coñecemento morfolóxico ou léxico dunha lingua pode axudar á comprensión noutra lingua; as estratexias de comprensión de lectura desenvolvidas nunha lingua poden ser transferidas para a lectura noutros idiomas; o coñecemento da estrutura dos textos descritivos permitirá producilos en calquera lingua; e o coñecemento das normas que ordenan as relacións entre xeracións, sexos, clases e grupos sociais nunha lingua informa e sensibiliza sobre a necesidade de coñecer e respectar as normas que rexen a dimensión social do uso da lingua noutra comunidade lingüística.

A situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice, e que o faga consciente da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e para o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas.

Ademais, nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que tamén son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Así, para o tratamento integrado de linguas é preciso que, igual que acontece non caso das dúas linguas cooficiais, haxa unha coordinación entre o profesorado destas e o de linguas estranxeiras, para evitar a repetición de contidos na liña das que se mencionaron para as linguas ambientais, e para unificar a terminoloxía. Non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

## 1.2 DESCRICIÓN DO CENTRO

I.E.S "Arcebispo Xelmírez I"

Rúa: Poza de Bar s/n

Localidade: Santiago de Compostela

Provincia: A Coruña

Código Postal: 15705

## 1.3 DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO

Diúrno

1º ESO 3 + 1 (segunda lingua inglés) = 5 grupos

| | |
|---|---|
| 2º ESO | 3 + 1 (segunda lingua inglés) = 5 grupos |
| 3º ESO | 3 + 1 (segunda lingua inglés) = 5 grupos |
| 4º ESO | 3 + 1 (segunda lingua inglés) = 5 grupos |
| 1º Bacharelato | 4 grupos |
| 2º Bacharelato | 4 grupos |

Nocturno

| | |
|---|---|
| ESA I - II | 2 grupos |
| ESA III - IV | 3 grupos |
| 1º de Bacharelato Adultos | 2 grupos |
| 2º de Bacharelato Adultos | 3 grupos |

Número de horas de clase:

112 horas de lingua inglesa repartidas en 39 grupos e 2 quendas + 3 horas ( 3XD )

### 1.4 COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS

**Blanco Barreiro, Agustín Ángel**

**Carballo Dávila, Mª Teresa**

**González Rodríguez, Consuelo**

**Nieto Calviño, Mª José**

**Picallo Castro, Mª Dolores**

**Ruíz Beiras, Rodrigo**

**San Luis Carbón, Juan José**

**Valladares Alján , Xoán Xesús**

**Souto Grandal, Mª Elvira: Xefa do Departamento.**

Este curso foi concedida de novo unha Sección Bilingüe en Inglés. Corresponde a unha materia optativa de 3º da ESO, "Tecnoloxía e dixitalización" (Departamento de Tecnoloxía). Impartirase en dous grupos tres horas semanais a cada grupo.

A profesora do Departamento de Inglés coordenadora da Sección Bilingüe será Mª Dolores Picallo Castro. Contaremos, asímesmo, cunha Auxiliar de Conversa, a cal desenvolverá a súa actividade durante todo o curso 16 horas semanais.

### 1.5 RECURSOS MATERIAIS DISPOÑIBEIS NO CENTRO

Radiocasete

Cámara de vídeo

Ordenadores

Retroproxector

Proxector de diapositivas

Canón de vídeo

Conexión a internet

Pantallas dixitais

### 1.5.1 Recursos espaciais dispoñíbeis no centro

Diferentes aulas de grupo.

Aula de ordenadores

Biblioteca xeral

Aula Magna

Salón de actos-Teatro

Patios interiores

### 1.5.2 Criterios de utilización dos espazos comúns

Salón de actos-Teatro: utilización previa petición.

## 2 . OBXECTIVOS

### 2.1 OBXECTIVOS DA EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no eido escolar, preparando ós alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e multilingüe ó tempo que tecnoloxicamente máis avanzado. O noso país atópase comprometido como membro da Unión Europea no fomento e coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da Estratexia de Lisboa. Pola súa parte, o Consello de Europa no Marco de Referencia Común Europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas coma para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O currículo básico establece que a Educación Secundaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ós demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquier outra condición ou circunstancia persoal ou social..

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en tódolos ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, evitando a violencia, os prexuizos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concebir o coñecemento científico coma un saber integrado, que se estructura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castellana, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demás, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que ralizaran aportacións importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio natural, contribuíndo á súa conservación e mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ó exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### 2.1.1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

**2º ESO**

a. Aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para comprensión do sentido xeral, a informaciónesencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes de mensaxes orais e escritas.

b. Identificar e comprender a información esencial, os puntos principais e os detalles máis salientables en textos orais e escritos breves nun rexistro estándar, sobre asuntos cotiás ensituacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal,público e educativo.

c. Recoñecer algunhas tipoloxías textuais, captando as liñas xerais en mensaxes e textos orais e escritos sinxelos.

d. Recoñecer e empregar as fórmulas máis habituais de contacto social e as normas de cortesía máis comúns para a súa idade, e as utilizadas máis habitualmente para iniciar e terminar o discurso oral ou escrito.

e. Ler con certa autonomía textos adaptados de certa lonxitude adecuados á idade, aos intereses e ao nivel escolar.

f. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves relativos a ámbitos e temas inmediatos cos que xa estea familiarizado.

g. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións.

h. Manter intercambios e realizar exposicións breves e sinxelos, claramente estruturados,e nun rexistro neutro ou informal, sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal ou educativo.

i. Cooperar na interacción e no traballo con outras persoas, colaborando con elas na interacción,verificando a comprensión propia e das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación.

k. Aplicar estratexias adecuadas para elaborar textos escritos breves e de estrutura simple.

l. Producir, en calquera soporte, textos e mensaxes breves e sinxelos, nun rexistro neutro ou informal, con coherencia, cohesión, adecuación e corrección.

ll. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos, de uso máis frecuente.

m. Aplicar á comprensión e produción de textos os coñecementos propios do seu nivel, tanto na propia lingua como na lingua estranxeira, sobre patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente.

n..Comprender e utilizar un léxico propio do nivel en situación comunicativas sinxelas reais ou simuladas.

o. Coñecer e aplicar estratexias de coaavalición e autoavalición, recoñecendo erros nas súas producións orais e escritas.

p. Presentar os textos escritos de maneira coidada en calquera soporte.

q. Favorecer os aspectos socioculturais evitando estereotipos lingüísticos e culturais e amosando curiosidade e respecto ante as diferenzas.

r. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal.

s. Participar activamente na aula e escoitar con interese e respecto as intervencións do resto do alumnado e profesorado.

t. Usar os recursos que ofrece a biblioteca escolar, as TIC, dicionarios e outras fontes de consulta.

**4º ESO**

a. Aplicar as estratexias adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, as ideas principais e os detalles relevantes de mensaxes e textos orais e escritos.

b. Identificar a intención e función comunicativa de textos e mensaxes orais e escritos medianamente sinxelos para poder reaccionar de xeito adecuado.

c. Recoñecer tipoloxías textuais variadas e a estrutura dun texto, captando tanto as liñas xerais como os aspectos secundarios de relevancia en mensaxes e textos orais e escritos medianamente sinxelos.

d. Comprender o sentido xeral, a información esencial e os detalles máis relevantes en textos e mensaxes orais ou escritos, breves ou de lonxitude media, e claramente estruturados, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais (temas persoais, educativos, ocupacionais ou temas de interese xeral).

e. Coñecer aspectos culturais xerais que permitan comprender información presente nun texto ou mensaxe oral ou escrito.

f. Ler con autonomía e bastante fluidez textos de ficción e non-ficción adaptados á idade, aosintereses e ao nivel escolar.

g. Aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicosbreves ou de lonxitude media, e de estrutura simple, explotando os recursos dos que se dispón por exemplo, recorrendo á definición simple de elementos para os que non se teñen as palabras precisas.

h. Pronunciar e entoar de maneira clara e comprensible, e manter a fluidez suficiente para facer comprensible a mensaxe, aínda que se poidan cometer erros que non interrompan a comunicación no caso de palabras e estruturas menos frecuentes.

i. Manter intercambios e realizar exposicións orais breves ou de lonxitude media, nun rexistro formal, neutro ou informal, sobre asuntos cotiáns, persoais, educativos, ocupacionais, ou temas de interese xeral.

k. Cooperar nos intercambios e no traballo con outras persoas, interactuando de maneira sinxela pero efectiva para comprender e facerse comprender.

l.Aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude.

ll. Producir, en calquera soporte, textos e mensaxes breves ou de lonxitude media, coherentes e ben estruturados, con cohesión e corrección, e utilizando as estruturas e léxico propios do seu nivel.

m. Adecuar a produción oral ou escrita ao propósito comunicativo, seleccionando a información necesaria e pertinente, e axustando a expresión ao destinatario, ao tema tratado e ao soporte textual.

n. Aplicar á comprensión e produción de textos os coñecementos propios do seu nivel, tanto na propia lingua como na lingua estranxeira, sobre patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente.

o. Comprender e utilizar un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, así como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente.

p. Coñecer e aplicar estratexias de coavaliación e autoavaliación, recoñecendo erros nas súas producións orais e escritas.

q. Presentar os textos escritos de xeito coidado en calquera soporte.

r. Favorecer os aspectos socioculturais evitando estereotipos lingüísticos e culturais e amosando curiosidade e respecto ante as diferenzas.

s. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal.

t. Participar activamente na aula e escoitar con interese e respecto as intervencións do resto do alumnado e profesorado.

u. Utilizar os recursos que ofrece a biblioteca escolar, as TIC e outras fontes de consulta, analizando a súa credibilidade e calidade, para obter, manexar e producir información.

### 2.2 OBXECTIVOS DO BACHARELATO

Tal e como aparecen reflectidos no artigo 26 do DECRETO 86/2015 os obxectivos para o bacharelato contribuirán a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan:

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha con- ciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución espa- ñola e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsa- bilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma respon- sable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver paci- ficamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.

f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.

g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comu- nicación.

h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus an- tecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.

i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida. l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tec- noloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial re- ferencia ao territorio galego.

m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciati- va, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.

ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.

o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado

### 2.2.1. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO

**2º BACHARELATO**

a. Aplicar as estratexias básicas de comprensión do sentido xeral, a información esencial, as ideas principais, detalles relevantes, intencións comunicativas, as opinións implícitas e explícitas e matices como a ironía ou o humor de mensaxes orais e escritas.

b. Identificar e comprender a estrutura e os tipos textuais, a información esencial, os puntos principais, os detalles máis relevantes e as implicacións e intencións comunicativas en diferentes tipos de textos e mensaxes orais e escritos ben estruturados, de certa lonxitude con estruturas lingüísticas complexas sobre temas tanto concretos como abstractos dentro do propio campo de interese ou especialización aínda que non se comprenda a totalidade dos textos.

c. Ler con fluidez textos de ficción, non ficción e literarios contemporáneos, auténticos ou adaptados, e comprender correspondencia en calquera rexistro ou soporte, relacionados cos propios intereses e necesidades en distintos ámbitos.

d. Planificar e realizar presentacións orais de certa lonxitude sobre temas xerais e educativos.

e. Interactuar con flexibilidade e colaboración co interlocutor para procurar garantir o mantemento da comunicación.

f. Recoñecer e facer un uso consciente dos patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común e máis específicos, os seus significados e intencións comunicativas, e amosar a fluidez necesaria para manter a comunicación e garantir o obxectivo comunicativo principal da mensaxe seleccionándoos segundo a función comunicativa.

g. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para producir tanto oralmente como por escrito, diferentes tipos de texto e correspondencia ben

estruturados, coherentes,planificados segundo a función comunicativa e dunha certa lonxitude; e usando elementos que dean coherencia e cohesión ao texto.

h. Elaborar resumos con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.

i. Reformular con corrección morfosintáctica e variedade léxica ideas dun texto ou oracións mantendo o seu significado orixinal.

k. Adecuar a produción do texto oral e escrito ás funcións comunicativas requiridas estruturando, reformulando, coavaliando, autocorrixindo e organizando a información cos recursos máis axeitados ao propósito comunicativo, construíndo textos coherentes en diferentes rexistros e contextos.

l. Utilizar con razoable corrección as estruturas morfosintácticas, os patróns discursivos, ortográficos, de puntuación e de formato de uso común, e os elementos de conexión e cohesión de xeito que as producións orais e escritas realicen axeitadamente as funcións comunicativas correspondentes.

ll. Comprender e utilizar eficazmente un repertorio léxico, oral e escrito, fonético, estrutural e funcional propio do seu nivel de uso habitual ou mais especializado para empregalos en contextos reais ou simulados de comunicación.

m. Presentar os textos escritos de xeito coidado en calquera soporte adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas.

n. Coñecer e respectar os aspectos socioculturais, sociolingüísticos crenzas e valores salientables da lingua para producir e comprender textos orais ou escritos e axudar a resolver conflitos e malentendidos interculturais.

**3. METODOLOXÍA**

Ten como obxectivo desenvolver a competencia comunicativa dos alumnos, garantindo que estes asimilen as regras gramaticais da lingua inglesa e adquiran o vocabulario básico necesario para comunicarse. Ese principio xeral analízase nos seguintes obxectivos específicos:

- Transmitir aos alumnos de Secundaria e bacharelato un vocabulario útil e necesario para comunicarse en inglés Para iso, en cada unidade preséntase, practícase e recíclase o vocabulario relativo a un tema determinado.
- Explicar expresións tipicamente inglesas a través de diálogos entre alumnos da mesma idade que os estudantes
- Axudar aos alumnos a comprender a gramática inglesa e utilizar a lingua de forma correcta, sobre a base de explicacións claras e unha práctica progresiva que vai de conceptos sinxelos a outros máis complexos.
- Trasladar aos alumnos aspectos da cultura británica e propiciar unha comparación coa súa propia cultura a través de seccións especificas de cultura
- Permitir aos alumnos centrarse na vida diaria e os costumes dos adolescentes británicos, vendo como se desenvolven en diversos contextos ilustrados tanto no Student's Book como nos vídeos que inclúe o curso**.**
- Plasmar o mundo real máis alá da aula coa axuda de textos e seccións informativas, dentro das unidades

- Proporcionar aos alumnos ferramentas para expresarse, tanto de forma oral coma por escrito, acerca de temas que lles resultarán interesantes e motivadores**.** Ofréceselles, non só a práctica necesaria, senón tamén axuda para preparar tanto textos orais coma escritos.
- Dar aos alumnos a oportunidade de reciclar e repasar o vocabulario e as estruturas que van aprendendo nos apartados de repaso
- Permitir aos alumnos avaliar o seu propio progreso utilizando os diferentes exercicios de auto-avaliación de todas as unidades.
- Facer posible que os alumnos se convertan en mellores estudantes de idiomas, e tamén que sexan máis independentes. Animáselles a utilizar as seccións de referencia (apartado de gramática, listas de vocabulario), así como compoñentes multimedia para practicar na casa.
- Contribuír a que os alumnos de Secundaria gocen das clases de inglés grazas a un material do máis motivador: cancións auténticas, exercicios que inclúen xogos, sopas de letras, encrucillados, etc., e materiais multimedia nos que atoparán diversos xogos.

Grazas ao equilibrio entre o nivel de esixencia e a axuda que se proporciona, todos os alumnos terán a oportunidade de desenvolver as súas capacidades ao máximo.

### 3.1 AS COMPETENCIAS CLAVE INTEGRADAS

A sociedade actual, cada vez máis heteroxénea e global, demanda un tipo de cidadán competente, que saiba o que fai e o que di de maneira creativa e autónoma.

Desde a área de linguas estranxeiras, esta formación, necesariamente continua, constitúe un proceso de construción social e emocional do coñecemento na que interaccionan permanentemente o corpo, a mente, a razón e as emocións.

Nun proceso de aprendizaxe continuo, baseado na adquisición de competencias, o alumnado, mediante os coñecementos que adquiriu, será capaz de aplicar o que sabe en situacións concretas, é dicir, poñer en práctica e demostrar os coñecementos, habilidades e actitudes que posúe para resolver diferentes feitos en diversos contextos.

Cabe destacar o *carácter combinado* da aprendizaxe por competencias: o alumno, mediante o que *sabe*, debe demostrar que *sabe aplicalo*, pero ademais que *sabe ser e estar.* De esta maneira vemos como unha competencia integra os diferentes contidos que son traballados na aula (conceptos, procedementos e actitudes), exemplo dunha formación integral do alumno. En suma, estamos recoñecendo que a institución escolar non só prepara ó alumno no coñecemento de saberes técnicos e científicos, senón que o fai tamén como cidadán, de aí que deba demostrar unha serie de actitudes sociais, cívicas e intelectuais que impliquen o respecto ós demais, responsabilidade e cooperación.

O noso proxecto recolle e integra os diferentes elementos curriculares -obxectivos, estándares de aprendizaxe e competencias- para a ensinanza da lingua estranxeira, así como criterios e indicadores de competencias para a avaliación da adquisición das competencias.

## 3.2 COMPETENCIAS CLAVE

A reforma educativa, seguindo as recomendacións do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006, da UNESCO e da OCDE, entre outras, baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias como complemento á aprendizaxe dos contidos. Na definición que a Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) fai do currículo, atopámonos cos elementos que determinan os procesos de ensinanza e aprendizaxe, entre os que se atopan as *competencias clave.* Propóñense novos enfoques na aprendizaxe e avaliación, o que supón un importante cambio dirixido a aquilo que o

alumnado asimila e é capaz de facer, sobre todo no tocante ás competencias clave, que se consideran prioritarias de cara ó desenvolvemento do alumnado.

Fronte a un modelo educativo centrado na adquisición de coñecementos máis ou menos teóricos, desconectados entre si en moitas ocasións, un proceso educativo orientado á acción e baseado na adquisición de competencias incide, fundamentalmente, na adquisición duns saberes imprescindibles, prácticos e integrados, saberes que serán demostrados polos alumnos (é algo máis ca unha formación funcional). En suma, unha competencia é a capacidade posta en práctica e demostrada de integrar coñecementos, habilidades e actitudes para resolver problemas e situacións en contextos diversos. De maneira moi gráfica e sucinta, chegouse a definir como a posta en práctica dos coñecementos adquiridos, os *coñecementos en acción*, é dicir, *mobilizar* os coñecementos e as habilidades nunha situación determinada (de carácter real e distinta de aquela na que se aprendeu), *activar* recursos ou coñecementos que se teñen (aínda que se crea que non se teñen porque se esqueceron).

Hai un aspecto que debe destacarse: formar en competencias permite a aprendizaxe ó longo de toda a vida, facendo fronte á constante renovación de coñecementos que se produce en calquera área de coñecemento. A formación académica do alumno transcorre na institución escolar durante un número limitado de anos, pero a necesidade de formación persoal e/ou profesional non remata nunca, polo que unha formación competencial dixital, por exemplo, permitirá acceder a este instrumento para obter a información que se precise en cada intre (obviamente, despois de analizarse a súa calidade). Se ademais temos en conta que moitas veces é imposible tratar en profundidade tódolos contidos do currículo, está claro que o alumno deberá formarse nesta competencia, a de *aprender a aprender.*

No noso sistema educativo considérase que as competencias clave que debe ter o alumno cando remata a súa escolaridade para enfrontarse ós retos da súa vida persoal e laboral son as seguintes:

- Competencia en comunicación lingüística.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
- Competencia dixital.
- Aprender a aprender.
- Competencias sociais e cívicas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- Conciencia e expresións culturais.

Pero que entendemos por cada unha desas competencias de forma sucinta, e recollendo o máis significativo do que establece o currículo escolar, cada unha delas proporciona á formación persoal e intelectual do alumno o seguinte:

- Competencia en comunicación lingüística.

Trátase dunha competencia moi complexa. Está vinculada á acción comunicativa dentro dunhas prácticas sociais, na que o individuo, ademais de producir, tamén recibe mensaxes con distintas finalidades. Supón a apertura dunha vía de coñecemento, dentro e fóra da escola, enriquecemento cultural e constitúe un obxectivo de aprendizaxe permanente, considerando a lectura coma o principal medio para a ampliación da aprendizaxe e desta competencia.

O individuo, mediante o emprego da linguaxe como instrumento de comunicación, pon en funcionamento unha serie de actitudes e valores como son o respecto polas normas de convivencia, o exercicio da cidadanía, o desenvolvemento dun espírito crítico, o respecto ós dereitos humanos e o pluralismo, a resolución de conflitos, o desenvolvemento das capacidades afectivas en tódolos ámbitos, interese pola aprendizaxe e o recoñecemento das destrezas inherentes a esta competencia como fonte de pracer.

A competencia en comunicación lingüística está constituída por cinco compoñentes: lingüístico, pragmático-discursivo, socio-cultural, estratéxico e persoal, que se concretan en diferentes dimensións na interacción comunicativa.

- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto. Require coñecementos sobre os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria e o mundo laboral. A súa adquisición supón, en suma, establecer unha relación profunda entre o coñecemento conceptual e o coñecemento procedemental implicados na resolución dunha tarefa matemática determinada.

Esta competencia inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto ós datos e a veracidade. Os ámbitos integrados na competencia matemática son os referentes ós números, a álxebra, a xeometría e a estatística.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un achegamento ó mundo físico e á interacción responsable co mesmo. Contribúen ó desenvolvemento do pensamento científico e capacitan o individuo para identificar, formular e resolver situacións da vida cotiá, para actuar fronte ós retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

O desenvolvemento destas competencias require unha serie de coñecementos científicos relativos á física, química, bioloxía, xeoloxía, matemáticas e tecnoloxías, que se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas; así como unhas destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas tecnolóxicas, datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo.

As actitudes e valores integrados nestas competencias están relacionados coa asunción de criterios éticos, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica, a valoración do coñecemento científico e a responsabilidade sobre a conservación dos recursos naturais e ambientais, así como a adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nun ámbito natural e social.

- Competencia dixital

Implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación. Supón a adecuación ós cambios que introducen as novas tecnoloxías e a adquisición de novos coñecementos, habilidades e actitudes para ser competente nun ámbito dixital.

Require o coñecemento das principais aplicacións informáticas, e precisa do desenvolvemento de diversas destrezas relacionadas co acceso á información, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas en distintos contextos.

O individuo deberá ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos.

| | letra, etc.).<br>═Reescritura definitiva.<br>▪ B4.2. Características textuais:<br>═Uso de recursos básicos para elaborar textos con coherencia e cohesión propios do seu nivel escolar. | sinxelas e un léxico de uso frecuente para a súa idade e o seu nivel escolar; así como as convencións ortográficas máis habituais na redacción de textos en soporte electrónico.<br>▪ B4.3. Describir | súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais. | |
| | | | ▪ PLB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo), se | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | de forma moi sinxela lugares, obxectos e persoas, e narrar de xeito lineal feitos e experiencias sinxelas, así como expor información básica e previamente preparada relacionada con temas cotiáns ou con materias | describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | do currículo.<br>▪ B4.4. Cubrir documentos básicos nos que se solicite información persoal relativa a actividades diarias, intereses (deportes, música, etc.), gustos, etc.<br>▪ B4.5. Escribir mensaxes sinxelas en | sinxelo. | |
| | | | ▪ PLB4.6. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | diferentes soportes con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás e de inmediata necesidade.<br>▪ B4.6. Escribir correspondencia breve e sinxela en papel ou soporte dixital, | | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | na que se dea información persoal básica e se expresen gustos, sentimentos e opinións.<br>▪ B4.7. Presentar os textos escritos de maneira coidada (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras | | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando a importancia da presentación nas comunicacións escritas. | | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | Bloque 5. Coñecemento da lingua e consciencia plurilingüe e intercultural | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación.<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos básicos.<br>– Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración. | ▪ B5.1. Pronunciar e entoar de xeito claro e intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras | ▪ PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B5.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas.<br>═Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>═Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.<br>═Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas, de normas de cortesía e de rexistros informais e estándar, | teñan que solicitar repeticións.<br>▪ B5.2, Aplicar á comprensión e á produción de textos escritos as normas ortográficas básicas da palabra e da oración.<br>▪ B5.3. Incorporar á produción do texto oral e | producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases. | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | así como da linguaxe non verbal máis habitual.<br>– Achegamento a algúns aspectos culturais visibles próximos ao seus intereses (música, lecer, deportes, produción escrita, lugares, poboación, etc.), e a costumes, valores e actitudes máis evidentes relacionados con aspectos propios da súa idade, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fala a lingua estranxeira. | escrito os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos a estruturas sociais, relacións interpersoais, patróns de actuación, comportamento e convencións sociais, | ▪ PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ═Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas básicas nos costumes cotiáns e no uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>═Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo.<br>═Recoñecemento da realidade | respectando as normas de cortesía máis importantes nos contextos respectivos.<br>▪ B5.4. Na propia lingua, identificar diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais visibles dos países onde se | iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.) | |
| | | | ▪ PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | plurilingüe do propio contorno.<br>- Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe, e da lingua estranxeira, para lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>- Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando | fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, amosando curiosidade e respecto perante as diferenzas.<br>▪ B5.5. Utilizar as experiencias e os | do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. | |
| | | | ▪ PLB5 5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br>▪ B5.5. Funcións comunicativas.<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e | coñecementos adquiridos en todas as linguas que coñece para establecer similitudes e diferenzas coa nova lingua e desenvolver unha competencia comunicativa plurilingüe; apreciar a riqueza persoal | discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción. | |
| | | | ▪ PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | situacións presentes, e expresión básica de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información, indicacións, expresión sinxela de opinións e consellos, advertencias e avisos.<br>– Expresión do coñecemento, a certeza e a dúbida.<br>– Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición.<br>– Expresión do interese, a | e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe, e valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e | comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e partextuais). | |
| | | | ▪ PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Formulación de suxestións e desexos, e expresión básica de condicións e hipóteses.<br>– Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.<br>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a identificación persoal elemental; vivenda, fogar e | como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes.<br>▪ B5.6. Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, utilizando, con suficiente dominio para o | sinxelos propios do seu nivel educativo. | |
| | | | ▪ PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos | ▪ CCL<br>▪ CD<br>▪ CAA<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; tempo libre, lecer e deporte; vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras, alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.<br>- Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos máis habituais,<br>- Saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión | seu nivel escolar, os expoñentes máis comúns e básicos desas funcións e os patróns discursivos igualmente básicos de uso máis frecuente.<br>▪ B5.7. Comprender e utilizar rutinas e o léxico propio do nivel en | transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | de opinións<br>═Léxico sobre temas relacionados con contidos sinxelos doutras áreas do currículo.<br>▪ B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. | situacións comunicativas sinxelas reais ou simuladas.<br>▪ B5.8. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto | | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 2º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | | |

***Estruturas sintáctico-discursivas do inglés incluídas en *New English in Use 2*:**

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*and, too, also*); disxunción (*or*); oposición (*but*); causa (*because (of); due to*); finalidade (*to- infinitive; for*); comparación (*(not) as .... as*; *more beautiful (than)*; *the fastest*); condición (*if*); *Reported Speech: Affirmative sentences;* oracións complexas*: Verb Patterns, gerunds and infinitives.*
- Afirmación (*affirmative sentences*).
- Exclamacións (*They are very interesting!, Lots!, Great!,No way! Are you crazy? ...*).
- Negación: oracións negativas con *not, never, no (+noun, e. g. no problem), nobody, nothing*).
- Interrogación (*Wh- questions; Yes / No Questions; What is he/she like?*).
- Expresión do tempo: pasado (*Past Simple, Past Continuous, Present Perfect Simple*); presente (*Present Simple and Continuous*); futuro (*will*, *be going to*, *Present Simple* con valor de futuro).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*Present and Past simple*); habitual (*simple tenses (+ Adv., e. g. usually)* e *used to*); incoativo (*start -ing*); terminativo (*stop -ing*); condicional (*First and Second Conditional*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can, could*); obrigación (*have to, must, need to*); deber (*should*); intención (*Present Continuous*).
- Expresión da existencia (*e. g. There is / are; There was / were*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns; determiners*); a calidade (*e. g. descriptive adjectives*).
- Expresión da cantidade (*singular/plural*; *cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. some, any*).
- Expresión do espazo (*prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement*).
- Expresión do tempo (*divisions* (*e. g. century; season*), *and indications* (*ago; early; late*) *of time*; *duration* (*from…to; during; until; since; for*); *posteriority* (*afterwards; later*); *sequence* (*first, next, last*); *simultaneousness* (*while, as*)*; frequency* (*e. g. often, usually*).
- Expresión do modo *(Adv. and phrases of manner, e. g. easily; by post; How ...?; How often…?; How about…?*).
- Expresión do acordo: (*me too, so do I, not me, not really, that's true, definitely not…)*

- Expresión da certeza: *(probably, definitely, maybe, not really, I'm quite sure)*

**5.4 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS**

*New English in Use ESO 2* é un curso claramente estruturado que se centra no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achega o mundo real á aula da ESO para que os alumnos/as reflexionen, non deixen de estar motivados e se expresen en inglés de forma sinxela e natural. Aprender unha nova lingua é, seguramente, un dos retos máis difíciles aos que se enfrontan os estudantes ao longo da súa vida académica, sobre todo porque supón mergullarse de forma activa nunha cultura e nunha visión da vida moi diferentes da súa. A medida que aprenden un idioma, desenvolven unha serie de competencias básicas da aprendizaxe. Ademais de adquirir a Competencia en comunicación lingüística, estas unidades tamén levan á adquisición doutras competencias:

- Competencia cultural e artística e a Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico, a través dos textos e os temas elixidos.

- Tratamento da información e competencia dixital mediante as actividades de Internet e os materiais dixitais.

- Competencia social e cidadá a partir das interaccións e as dinámicas da clase, que desenvolven a aprendizaxe colaborativa.

O obxectivo primordial de *New English in Use* é facilitar o proceso de aprendizaxe e servir de ponte para que os alumnos/as coñezan os lugares nos que se fala inglés e a forma en que o utiliza a xuventude nativa da súa mesma idade.

Durante o proceso de adquisición da lingua inglesa é habitual que os alumnos/as mostren claras preferencias por determinadas áreas da aprendizaxe. Por exemplo, quizais lles interese máis aprender o inglés que falan os adolescentes hoxe en día que as regras gramaticais. Ou tamén, poida que teñan máis facilidade para unhas

destrezas de aprendizaxe que para outras.

Por estas razóns, o método *New English in Use* ofrécelles un amplo abanico de actividades coas que desenvolver os seus intereses e demostrar os seus puntos fortes, á vez que practican en profundidade todas as áreas da aprendizaxe de linguas.

**Competencias básicas**

a) Competencias básicas e a súa contribución á materia de Lingua estranxeira

Son aquelas competencias que debe desenvolver un alumno ou unha alumna ao finalizar o ensino obrigatorio, para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

**Finalidades**

1- Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto as formais, incorporadas ás diferentes áreas ou materias, coma as informais e non formais.

1- Permitir a todos os estudantes integrar as súas aprendizaxes.

2- Orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindíbel.

Non existe unha relación única entre o ensino de determinadas áreas ou materias e o desenvolvemento de certas competencias. Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, á súa vez, cada unha das competencias básicas alcanzarase como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea identificáronse oito competencias básicas:

- Competencia en comunicación lingüística
- Competencia matemática
- Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico
- Tratamento da información e competencia dixital
- Competencia social e cidadá
- Competencia cultural e artística
- Competencia para aprender a aprender
- Autonomía e iniciativa persoal

En cada materia inclúense referencias explícitas acerca da súa contribución ás competencias básicas, ás que se orienta en maior medida. Doutra banda, tanto os obxectivos coma a propia selección dos contidos buscan asegurar o desenvolvemento de todas elas. Os criterios de avaliación, serven de referencia para valorar o progresivo grao de adquisición.

**Contribución da materia de Lingua Estranxeira á adquisición das competencias básicas**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición das seguintes competencias, todas elas traballadas en cada unidade de ***New English in Use ESO 2:***

*Competencia en comunicación lingüística* ao completar, enriquecer e buscar novos matices comprensivos e expresivos nesta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido que o fai a primeira lingua. A contribución da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao potenciar a habilidade de se expresar oralmente e por escrito.

*Tratamento da información e competencia dixital* ao acceder de xeito sinxelo e inmediato á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece a posibilidade de comunicármonos utilizándoa. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios coa xuventude doutros lugares e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

*Competencia social e cidadá* ao favorecer o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Doutra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas. A través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as alleas, poténciase a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, conseguir acordos, e, en definitiva, favorécese a aprendizaxe dos demais e cos demais.

*Competencia cultural e artística* ao incluír un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países onde se fala e propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Así mesmo, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia cando se facilita a expresión de opinións,

gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e cando se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, como poden ser a realización e a representación de simulacións e narracións.

*Competencia para aprender a aprender* ao facilitar recursos ou completar a capacidade do alumnado para interpretar ou representar a realidade e así construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Doutra banda, a competencia para aprender a aprender rendibilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe. Esa é a razón da inclusión no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a mesma. O desenvolvemento de estratexias diversas de aprender a aprender prepara o alumnado de forma progresiva para a toma de decisións que favorecen a autonomía, co fin de utilizar e de seguir aprendendo a lingua estranxeira ao longo da vida.

*Autonomía e iniciativa persoal* ao fomentar o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e de habilidades sociais de colaboración e de negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten a realización de iniciativas e a toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Para rematar, malia que a *Competencia matemática e a Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico* non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, os materiais elaborados para esta disciplina conteñen actividades coas que os alumnos/as poderán tamén desenvolver estas competencias.

## 5.5 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- 1ºESO "NEW ENGLISH IN USE 2"
- Autores: Linda Marks and Charlotte Addison
- Editorial: Burlington Books

**PARA O ESTUDANTE:**

- Student's Book
- Interactive Students

(NON se vai utilizar o Workbook)

**PARA O PROFESOR/A:**

- Teacher's Manual
- Teacher's All-in-One Pack
- Interactive Whiteboard
- Everything English video

*New English in Use ESO 2* motivará ao alumnado a aprender inglés proporcionándolle as capacidades que necesita para alcanzar unha auténtica competencia comunicativa. É un método ben estruturado e de uso sinxelo que facilitará a adquisición das competencias clave recollidas na LOMCE. Está enfocado ao desenvolvemento das destrezas de vocabulario, gramática, lectura e estratexias de comunicación. O método ofrece numerosas ocasións para que amplíen os seus coñecementos sobre temas socioculturais e interdisciplinarios e tamén inclúe exercicios adicionais para os alumnos/as que acaban antes, para os que posúen un maior nivel de coñecementos e para as clases que necesitan atender á diversidade. *New English in Use ESO 2* é compatíbel cos niveis A1+/B1+ do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.

No proceso de aprendizaxe dunha lingua estranxeira ao alumnado preséntaselle numerosas oportunidades para desenvolver as súas competencias clave en diversas áreas. *New English in Use ESO 2* facilita a adquisición das competencias clave tales como a competencia para aprender a aprender, competencia dixital, sentido de iniciativa e espírito emprendedor, e conciencia e expresións culturais.

O *Workbook* de *New English in Use ESO 2* inclúe unha sección de consulta de vocabulario *Vocabulary Reference* cun glosario bilingüe que contén o vocabulario e a linguaxe funcional de cada unidade, unha sección *Language Resource* cun apéndice gramatical cuxas explicacións están en lingua propia e os exemplos nos dous idiomas e cunha lista de verbos irregulares, unha sección *Writing Resource* cunha guía de escritura e páxinas para que practiquen a expresión escrita, e unha sección *Learning Competences* con táboas para que os alumnos se autoavalíen. Tamén inclúe unha sección a toda cor chamada *Language Builder* para que traballen e consoliden de forma divertida o vocabulario presentado no *Student's Book*.

*IC Interactive Classroom, IS Interactive Student* y *WordApp* son os novos recursos de Burlington Books. Os contidos de *IC Interactive Classroom* están integrados en *New English in Use Student's Book* para o ensino continuo. *IC Interactive Classroom* inclúe Communication Videos para mellorar as habilidades comunicativas, Culture Videos que ofrecen contido real e adaptado a cada nivel xunto con Slideshows para a mellora da aprendizaxe a través de presentacións culturais. Ademais *IC Interactive Classroom* inclúe Grammar Animations que achegan apuntamentos visuais para a aprendizaxe de novos contidos gramaticais, Vocabulary Presentations

que axudan á presentación e á práctica de léxico novo, Games que serven para revisar a gramática e o vocabulario dunha maneira divertida e Speaking Exam Practice que ofrece práctica estruturada para os exames CEF.

*IS Interactive Student* inclúe diferentes ferramentas para axudar á aprendizaxe dos estudantes: Interactive Wordlist, Interactive Vocabulary Practice, Interactive Grammar Practice, Dialogue Builders, Techno Help para proxectos e Communication e Culture Videos. Interactive Wordlist, contén un glosario interactivo, exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario;  Interactive Vocabulary Practice exercicios autoavaliábeis para practicar o vocabulario presentado e revisado no Student's Book; Interactive Grammar Practice exercicios para practicar a gramática de acordo cos requirimentos curriculares oficiais; Dialogue Builders ofrece unha variedade de exercicios para práctica oral funcional de diálogos, Techno Help soporte  e recursos para os estudantes que realizan os proxectos online, Communication e Culture Videos permite o acceso aos vídeos permitindo velos desde a casa. O Learning Management System (LMS) online permite aos profesores/as seguir o traballo de cada estudante.

Ademais, na páxina web de Burlington Books (www.burlingtonbooks.es/newenglishinuse2) (os alumnos/as atoparán o apartado *Student's* Zone onde teñen á súa disposición as gravacións en formato mp3 dos textos do *Student's Book*, así como os exercicios de comprensión oral coas súas transcricións e os ditados do *Workbook*.

*New English in Use ESO 2* é un curso claramente estruturado que se centra no desenvolvemento das competencias lingüísticas produtivas para unha comunicación efectiva. Achega o mundo real á aula da ESO para que os alumnos/as reflexionen, non deixen de estar motivados e empreguen o inglés na súa expresión de xeito sinxelo e natural.

**Compoñentes do curso**

**PARA O ESTUDANTE:**

**Student's Book**

- Unha unidade introdutoria para repasar o vocabulario, a gramática, as estratexias de escritura e a linguaxe da clase básicos.
- Nove unidades didácticas claramente estruturadas, cunha tarefa comunicativa cada dúas páxinas no apartado *New English in Use* .
- Tres seccións de repaso con exercicios de vocabulario e gramática acumulativos, unha páxina de literatura e un proxecto que inclúe a tarefa *Techno Option*.
- Contido cultural e interdisciplinario integrado nas actividades da unidade.
- Énfase na aprendizaxe de vocabulario e a súa constante reciclaxe.
- Exercicios de comprensión e expresión orais frecuentes.
- Unha páxina *Everyday English* en cada unidade, que se centra no inglés funcional que se produce en situacións comunicativas reais.
- Extra Reading, unha sección cultural e interdisciplinaria.
- Unha sección *Grammar Charts and Basics* de revisión e práctica da gramática con cadros e exercicios de gramática básica.
- Un apéndice para traballar en parellas (*Pairwork Appendix*).
- Un apéndice de pronuncia con exercicios adicionais (*Pronunciation Appendix*).
- Lista de verbos irregulares.

***Interactive Students***

- *Interactive Wordlist*: glosario interactivo, exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario.
- Interactive Vocabulary Practice.
- *Interactive Grammar practice*: exercicios gramaticais con autocorrección.
- *Dialogue Builders*: práctica da linguaxe funcional mediante diálogos-

• *Techo Help*: axuda e recursos para realizar as actividades *Techno Option*.

• Communication and Culture Videos.

**Páxina web de *New English in Use ESO 2* – Student's Zone**

Todas as gravacións dos textos do *Student's Book,* os exercicios de comprensión oral do *Workbook* coas súas transcricións e os ditados do *Workbook* en formato mp3.

**WordApp:** Práctica e consolidación de vocabulario a través de listas léxicas interactivas no teléfono móbil do alumno/a.

**PARA O PROFESOR/A:**

**Teacher's Manual**

- Unha presentación do curso e dos seus compoñentes.
- Unha sección de avaliación.
- Directrices do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas.
- Notas didácticas claras, concisas e intercaladas coas páxinas do *Student's Book*, onde se destacan sobre un fondo de cor as referencias a outros compoñentes do curso, para facilitar a preparación das clases.
- As respostas aos exercicios do *Student's Book*.
- Información sociocultural e interdisciplinario sobre os temas que se tratan no *Student's Book*.
- Actividades de reforzo e ampliación.
- Transcrición dos exercicios de comprensión oral.
- Actividades opcionais de comprensión oral.
- Cadros fotocopiábeis do *Student's Book* para facilitar o traballo na clase (dispoñíbeis tamén na páxina web de de Burlington Books: www.burlingtonbooks.es/newenglishinuse2)

***Teacher's All-in-One Pack***

- Unha sección de exames (*Tests*) que consta de:
  - Un exame de diagnóstico (*Diagnostic Test*) e follas de repaso (*Revision Worksheets*).
  - Un exame por unidade (*Unit Tests*) con tres niveis de dificultade.
  - Tres exames trimestrais (*Term Tests*) con dous niveis de dificultade.
  - Dous exames finais (*Final Tests*).
  - Un exame de comprensión oral (*listening*) e expresión oral (*speaking*) por unidade e trimestre, e outro final.
  - Tres exames de competencias clave (*Key Competences Tests*).
  - A clave de respostas.
- Unha sección de atención á diversidade que inclúe:
  - Dúas follas fotocopiábeis por unidade con práctica adicional das estruturas gramaticais e do vocabulario (*Extra Practice*).
  - Unha folla fotocopiábel por unidade para que amplíen os coñecementos adquiridos (*Extension*).
  - A clave de respostas.
- Unha sección de actividades orais adicionais para realizar en parella (*Extra Speaking*) con clave de respostas.
- As gravacións de todos os exercicios de comprensión oral están dispoñíbeis na páxina web de *Burlington Books* (tamén en CD baixo pedido).

**Recursos dixitais para o profesor/a (**dispoñíbeis na *Teacher's Zone* de www.burlingtonbooks.es )

- *Interactive Whiteboard Materials*, que inclúen as versións dixitais, enteiramente interactivas, do *Student's Book*, o *Workbook* e o *Language Builder*, para profesores que traballan con encerados interactivos ou que están nunha clase dixital 1x1.
- Sistema de xestión da aprendizaxe (LMS), para levar un seguimento do progreso dos alumnos/as de maneira interactiva.
- *Test Factory and Other Resources*, con todo o material do *Teacher's All-in-One Pack* en formato editábel.
- *Burlington ESO Grammar Factory*, para xerar exames de práctica gramatical automaticamente ou para preparalos persoalmente.

• *Burlington ESO Culture Bank*, con pantallas e preguntas culturais e interdisciplinarias.

• Gravacións do *Student's Book*, o *Workbook* e o *Teacher's All-in-One Pack* (dispoñíbeis en CD baixo pedido).

• Clave de respostas do *Workbook* e o *Language Builder*, así como material fotocopiábel do *Student's Book*.

**Novidades da *Interactive Whiteboard*:**

• Communication videos para mellorar a produción oral incluíndo actividades de comprensión e *speaking*.

• Culture videos: contido auténtico e entretido adaptado para cada nivel da ESO incluíndo actividades de comprensión.

• Grammar Animation: animacións coas que se traballan de forma divertida e visual as estruturas gramaticais, a orde das palabras e outros puntos gramaticais.

• Vocabulary Presentations: listas de palabras con audio e a súa tradución á lingua propia que axuda a aprender e avaliar o vocabulario.

• Slideshows: presentacións de diapositivas sobre temas culturais

• *Games:* unha maneira divertida de repasar gramática e vocabulario.

• Extra Practice: práctica interactiva de gramática e vocabulario.

• Speaking Exam Practice: exercicios estruturados en base ao exame CEF.

***Everything English Video***

• *Nove capítulos filmados en Gran Bretaña para ampliar os seus coñecementos socioculturais, centrados na comprensión oral, a expresión oral e a linguaxe funcional.*

### 5.6 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

*New English in Use ESO 2* ten unha metodoloxía ecléctica, xa que se esperan varios estilos de aprendizaxe por parte dos alumnos/as e, así mesmo, diversos estilos de ensino por parte dos profesores/as. Por iso, estes materiais prestan máis atención á diversidade.

Como punto de partida tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

**A capacidade para aprender a aprender**

Cada alumno/a ten a súa propia capacidade para aprender cousas e para retelas, sen que iso sexa sinónimo da súa capacidade intelectual, e todos os alumnos poden alcanzar un nivel mínimo, independentemente do ritmo de traballo que poida ter cada quen. Tales son os aspectos que consideramos na investigación inicial e en todo o desenvolvemento do curso.

Así o reflicten as actividades do *Student's Book* e do *Workbook*, xa que, a través dunha reciclaxe continua de estruturas e de vocabulario, por unha banda ofrecen amplas oportunidades de reforzo aos alumnos/as con menos capacidade e por outra facilitan a ampliación da materia para os que teñen máis nivel.

**A motivación para aprender**

A motivación do alumno/a para aprender é moi complexa, sobre todo tratándose dun idioma, xa que depende de varios factores: por unha banda, do historial de éxito ou de fracaso que teña ata ese momento e, por outra banda, do proceso de aprendizaxe seguido. Isto influirá notabelmente, tanto no nivel de motivacións individuais, coma na forma máis lóxica e funcional de presentarlles todos os contidos.

Para levar a cabo a selección dos temas incluídos neste curso realizamos unha ampla investigación, abarcando o punto de vista do profesor/a a través de cuestionarios, pero tamén o dos alumnos/as, para así adaptalos ás súas idades, experiencias e contorno.

**Os estilos de aprendizaxe**

Existen moitos tipos de investigacións sobre os diversos estilos de aprendizaxe á hora de estudar un idioma.

Como é ben sabido, os alumnos/as poden ser impulsivos ou reflexivos cando se enfrontan ás súas tarefas escolares. Algúns alumnos poden reaccionar moi rapidamente e non obstante necesitar varios intentos para asimilaren unha idea, mentres que outros poden traballar máis a conciencia e aprender máis amodo, conseguindo o mesmo resultado. Este factor foi tido en conta dun modo sistemático. Por exemplo, á hora de ensinar as estruturas gramaticais, incluíronse no *Student's Book* breves explicacións e exemplos coa estrutura gramatical concreta, seguidos de exercicios, para poñer en práctica a gramática aprendida. Isto complétase con táboas gramaticais, a sección *Grammar Charts and Basics* (ao final do *Student's Book*) e o apéndice gramatical do *Workbook*, que lles axudan a aprender e a repasar o presentado paso a paso, en especial a aqueles que non usen tanto o estilo sintético ao aprender. Así pois, á hora de presentar as estruturas e as funcións, tivéronse en conta, en todas as unidades, os distintos modos de aprendizaxe.

Tamén se prestou unha atención especial á "modalidade sensorial preferente" dos alumnos/as (visual, auditiva ou quinesiolóxica), é dicir, ás posíbeis formas de levar á práctica o aprendido.

**Os intereses dos alumnos/as**

O esforzo por aprender un idioma varía moito duns alumnos/as a outros dependendo do seu interese e/ou necesidade de facelo. Por iso incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría, e ofrecemos materiais para atender aos distintos niveis de coñecemento e estilos de aprendizaxe. Hai actividades graduadas de menor a maior dificultade e de maior a menor control, tanto no *Student's Book* coma no *Workbook*. Ao final do *Student's Book* incluímos un apéndice con táboas gramaticais e exercicios, un apéndice de pronunciación con exercicios adicionais e unha lista de verbos irregulares, e ao

final do *Workbook* un glosario, así como un apéndice gramatical e unha guía de escritura na lingua propia dos alumnos/as para os que necesiten apoiarse máis na presentación teórica.

No *Workbook* inclúese unha gran variedade de exercicios graduados para practicar máis intensamente a gramática e o vocabulario, ademais dun ditado, unha sección de comprensión, un exercicio de tradución inversa, e expresión escrita e actividades para que os alumnos/as máis avanzados practiquen cada punto nun nivel máis elevado. Para rematar, tamén se inclúen dúas páxinas de repaso por unidade (*Check Your Progress*) que permiten atender á diversidade. Ao final deste compoñente atópase o caderno *Language Builder*, que proporciona xogos e divertidas actividades para consolidar o vocabulario. Ademais, os alumnos/as poderán atopar na web www.burlingtonbooks.es/englishinuse2

as gravacións en formato mp3 dos textos do *Student's Book*, xunto cos exercicios de comprensión oral coas súas transcricións e os ditados do *Workbook*.

Con este método preséntase un novo recurso lingüístico chamado *Interactive Student*, que inclúe diversas ferramentas interactivas para axudar aos alumnos/as na súa aprendizaxe: *Interactive Worldlist*, cun glosario interactivo, exercicios para practicar a ortografía e actividades de vocabulario; *Interactive Grammar*, que contén exercicios gramaticais con autocorrección; *Dialogue Builders*, desde onde se practica a linguaxe funcional mediante diálogos; e *Techno Help*, que ofrece axuda e recursos para realizar as actividades *Techno Option*. A través do sistema de xestión da aprendizaxe (LMS), o profesor/a pode levar un seguimento do traballo realizado por cada alumno/a en *Interactive Student*, e así poder avaliar o progreso dos alumnos/as en xeral e as necesidades específicas dalgún alumno/a en particular.

O *Teacher's Manual* ofrece tamén actividades opcionais de reforzo e ampliación, outras de ditado, comprensión oral, corrección de erros e información sociocultural e interdisciplinaria adicional, ademais de continuas suxestións ao profesor/a sobre como dividir a súa axuda segundo as distintas necesidades da clase.

O *Teacher's All-in-One Pack* ofrece un exame de diagnóstico que se recomenda facer ao comezo do curso para ver o nivel dos alumnos/as, así como exercicios de repaso para que revisen os puntos nos que atoparon maior dificultade. Ademais ofrece nove exames (un por unidade) en tres niveis de dificultade, tres exames trimestrais en dous niveis de dificultade, dous finais e tres exames de competencias claves, para poder elixir o máis adecuado segundo a capacidade de cada alumno/a. Tamén proporciona un exercicio adicional por unidade de expresión oral, para realizar en parella ou en grupo. E ademais inclúe follas de traballo, que se dividiron do seguinte xeito:

- *Extra Practice*: proporcionan práctica adicional co mesmo nivel que o presentado na unidade
- *Extension*: enfocadas a que os alumnos/as máis avanzados poidan ampliar os coñecementos adquiridos dun xeito máis significativo e motivador.

O profesor/a tamén dispón de *Interactive Student*, que inclúe: *Interactive Whiteboard Materials*, coas versións dixitais totalmente interactivas do *Student's Book,* o *Workbook* e o *Language Builder* para facilitar as clases e a corrección; *Test Factory and Other Resources,* con todo o material do *Teacher's All-in-One Pack* en formato editábel; *Burlington ESO Grammar Factory*, para xerar exames de práctica gramatical automáticamente, ou para preparalos persoalmente; e *Burlington ESO Culture Bank*, con materiais culturais especialmente adaptados ao nivel dos estudantes.

O alumnado con necesidade específica de apoio educativo (NEAE) require unha atención educativa diferente á ordinaria para que poida acadar o máximo

desenvolvemento das súas capacidades.

En concreto, no caso do alumnado que presente TDAH, as probas ou exames escritos serán curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.

Tamén se deixará máis tempo para a súa realización, incluso valorando a posibilidade de dividilas en dúas sesións, e sendo flexibles na súa duración.

## 5.7 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO

**Lenda dos elementos transversais**

| | |
|---|---|
| CL | Comprensión lectora |
| EOE | Expresión oral e escrita |
| CA | Comunicación audiovisual |
| TIC | Tecnoloxías da información e da comunicación |
| EMP | Emprendemento |
| EC | Educación cívica |
| PV | Prevención da violencia |
| EV | Educación e seguridade viaria |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EDE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado. | X | X | X | X | | | |
| ▪ PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas | X | X | X | X | | | |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EDE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata. | | | | | | | |
| ▪ PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez. | X | X | X | X | | X | |
| ▪ PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre duas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa. | X | X | X | X | | | |
| ▪ PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, | X | X | X | X | | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EDE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito. | | | | | | | |
| ▪ PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez. | X | X | X | X | | X | X |
| ▪ PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións. | X | X | X | X | | | |
| ▪ PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes | X | X | X | X | X | | |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EDE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| sobre o contido das súas presentacións. | | | | | | | |
| ▪ PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes, aloxamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento). | X | X | X | X | X | | |
| ▪ PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo. | X | X | X | X | X | | |
| ▪ PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou | X | X | X | X | X | X | |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EDE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta. | | | | | | | |
| ▪ PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | X | X | X | X | X | X | |
| ▪ PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer). | X | X | X | X | X | X | |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EDE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles. | X | X | X | X | X | | |
| ▪ PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo. | X | X | X | X | | X | |
| ▪ PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc. | X | | | X | | | |
| ▪ PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese. | X | X | X | X | X | | |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EDE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción. | X | X | X | X | X | | |
| | | cooperación na interacción e fórmulas ou indicacións habituais para tomar ou ceder a quenda de palabra, aínda que se poida necesitar a axuda da persoa interlocutora.<br>▪ B2.6. Comprender preguntas e dar información básica sobre si mesmo e relativas aos ámbitos educativo e persoal (datos persoais, formación, opinións, plans, intereses), aínda que teña que solicitar aclaracións ou repetir as súas respostas para facerse comprender. | cine, a literatura ou os temas de actualidade. | |
| | | | ▪ PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | Bloque 3. Comprensión de textos escritos | | | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ e<br>▪ i | ▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.<br>– Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva)<br>– Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.<br>– Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais e detalles relevantes).<br>– Formulación de hipóteses sobre contido e contexto.<br>– Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de | ▪ B3.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.<br>▪ B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas (identificar os conceptos principais e palabras clave do tema, coñecer sinónimos destas e procurar termos relacionados en internet; e localizar recursos da biblioteca do seu centro docente), para a procura de | ▪ PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | elementos significativos, lingüísticos e paratextuais.<br>═Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. | información en diferentes fontes, e analizar a súa credibilidade seguindo criterios como a autoría, a data de publicación, ligazóns relevantes, funcionalidade e tipo de texto (divulgativo, educativo, de opinión, etc.).<br>▪ B3.3. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves ou de lonxitude media e ben estruturados, escritos nun rexistro | dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material. | |
| | | | ▪ PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns ou menos habituais, de temas de interese ou salientables para os propios estudos, a ocupación ou o traballo, e que conteñan estruturas e un léxico de uso común, de carácter tanto xeral como máis específico.<br>▪ B3.4. Comprender a intención de comunicación, fórmulas de saúdo, despedida e outras convencións básicas de correspondencia de carácter persoal e formal, sempre que non | educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo). | |
| | | | ▪ PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | contеña expresións idiomáticas, e poder reaccionar de xeito adecuado a tarxetas postais, felicitacións, invitacións, citas médicas, solicitude de información, etc.<br>▪ B3.5. Seguir instrucións básicas que lle permitan, por exemplo, pór en marcha, manexar ou instalar aparellos ou aplicacións informáticas sinxelas (sempre que conteñan diagramas ou imaxes que faciliten a súa comprensión), entender unha prescrición médica, matricularse nun centro | foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | ▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | de estudos, etc.<br>▪ B3.6. Ler con fluidez textos de ficción e literarios contemporáneos breves ou adaptados, ben estruturados, en rexistro estándar da lingua, con argumento lineal e con personaxes, situacións e relacións descritas de xeito claro e sinxelo. | estadía de estudos no estranxeiro). | |
| | | | ▪ PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela. | |
| | Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i | ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>═Planificación:<br>–═Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas, co fin de realizar eficazmente a tarefa (repasar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).<br>–═Localización e uso adecuado dos recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).<br>═Execución:<br>–═Elaboración dun borrador.<br>–═Estruturación do contido do texto. | ▪ B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos breves ou de media lonxitude (por exemplo, reformulando estruturas a partir doutros textos de características e propósitos comunicativos similares, ou redactando borradores previos, e revisando contido, ortografía e presentación do texto | ▪ PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Organización do texto en parágrafos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.<br>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.<br>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta desta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.<br>– Apoio e aproveitamento ao máximo dos coñecementos previos (utilizar linguaxe "prefabricada", etc.).<br>– Revisión: | antes da súa escritura definitiva).<br>▪ B4.2. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves ou de lonxitude media, coherentes e de estrutura clara, sobre temas de interese persoal, ou asuntos cotiáns ou menos habituais, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de | ▪ PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | - Identificación de problemas, erros e repeticións.<br>- Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.<br>- Reescritura definitiva.<br>- Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra adecuado, uso normativo de maiúsculas e minúsculas, etc.). | expresións e estruturas, e un léxico de uso frecuente, de carácter tanto xeral como máis específico dentro da propia área de especialización ou de interese. | aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenís, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía. | |
| | | ▪ B4.3. Saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros | ▪ PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | en chats).<br>▪ B4.4. Seleccionar e achegar información necesaria e pertinente, axustando de maneira adecuada a expresión ao destinatario, ao propósito comunicativo, ao tema tratado e ao soporte textual, e expresando opinións e puntos de vista coa cortesía necesaria.<br>▪ B4.5. Tratar a información obtida de diversas fontes, seguindo os patróns discursivos habituais, para iniciar e concluír o texto escrito adecuadamente, | importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. | |
| | | | ▪ PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa). | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | organizar a información de xeito claro, ampliala con exemplos ou resumila con claridade, exactitude, coherencia e fidelidade ao texto orixinal.<br>▪ B4.6. Presentar os textos escritos de xeito coidado (con atención a marxes, riscaduras, liñas dereitas, letra clara, letras maiúsculas e minúsculas cando corresponda, etc.) en soporte impreso e dixital, adecuados aos fins funcionais e valorando importancia da presentación nas comunicacións escritas. | Europass. | ▪ CD |
| | | | ▪ PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | Bloque 5. Coñecemento da lingua e | | | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | consciencia plurilingüe e intercultural | | | |
| ▪ a<br>▪ c<br>▪ d<br>▪ i<br>▪ o | ▪ B5.1. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación<br>– Sons e fonemas vocálicos.<br>– Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.<br>– Procesos fonolóxicos básicos.<br>– Acento dos elementos léxicos illados, e no sintagma e na oración.<br>▪ B5. 2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:<br>– Uso das normas básicas de ortografía da palabra.<br>– Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.<br>▪ B5. 3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Recoñecemento e uso de | ▪ B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso común, e recoñecer os significados e as intencións comunicativas xerais relacionados con eles.<br>▪ B5.2. Recoñecer e utilizar as principais convencións de formato, tipográficas, ortográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas e minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común e máis específico; e saber manexar os recursos | ▪ PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico, e adaptarse ás convencións comúns de escritura de textos en internet (por exemplo, abreviacións ou outros en chats). | habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto. | ▪ CCEC<br>▪ CD |
| | | | ▪ PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; e linguaxe non verbal.<br>- Achegamento a aspectos culturais visibles próximos aos seus intereses (música, traballo, lecer, deportes, produción escrita, lugares, organización política, etc.) e a costumes, valores, crenzas e actitudes máis relevantes para facer comprensible con carácter xeral a cultura dos países falantes da lingua estranxeira.<br>- Identificación das similitudes e as diferenzas máis significativas nos costumes cotiáns, e uso das formas básicas de relación social entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.<br>- Actitude receptiva e respectuosa | ▪ B5.3. Coñecer e utilizar para a comprensión e a produción do texto os aspectos socioculturais e sociolingüísticos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida (hábitat e estrutura socioeconómica), relacións interpersoais (xeracionais, entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica) e | da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | |
| | | | ▪ PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico | ▪ CCL |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>▪ B5.4. Plurilingüismo:<br>– Recoñecemento da realidade plurilingüe do propio contorno.<br>– Recurso aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada.<br>– Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | convencións sociais (actitudes e valores), así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto (por exemplo, de carácter histórico ou literario).<br>▪ B5.4. Valorar as linguas como medio para comunicarse e relacionarse con compañeiros e compañeiras doutros países, como recurso de acceso á información e como instrumento de enriquecemento persoal, ao coñecer culturas e maneiras de vivir diferentes. | relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica. | ▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC |
| | | | ▪ PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ CCL<br>▪ CAA<br>▪ CSC<br>▪ CCEC<br>▪ CD |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B5.5. Funcións comunicativas:<br>– Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.<br>– Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>– Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes, e expresión de sucesos futuros.<br>– Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos.<br>– Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura.<br>– Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. | ▪ B5.5. Recorrer aos coñecementos sintáctico-discursivos da propia lingua para identificar marcadores discursivos e tipo de expoñentes lingüísticos necesarios segundo o tipo de texto e a intención comunicativa; mellorar a aprendizaxe da lingua estranxeira e lograr unha competencia comunicativa integrada<br>▪ B5.6. Apreciar a riqueza persoal e social que proporciona ser unha persoa plurilingüe.<br>▪ B5.7. Aplicar á comprensión do texto os | | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción, a esperanza, a confianza e a sorpresa, así como os seus contrarios.<br>– Formulación de suxestións, desexos, condicións e hipóteses.<br>– Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.<br>▪ B5.6. Léxico oral escrito de uso común relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contexto; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades | coñecementos sobre os constituíntes e a organización de patróns sintácticos e discursivos de uso frecuente na comunicación oral e escrita, así como os seus significados asociados (por exemplo, unha estrutura interrogativa para expresar sorpresa); e distinguir a función ou as funcións comunicativas máis relevantes do texto e un repertorio dos seus expoñentes máis comúns, así como patróns discursivos de uso frecuente relativos á organización e á | | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; ambiente, clima e ámbito natural; e tecnoloxías da información e da comunicación.<br>– Recoñecemento e uso de expresións fixas, enunciados fraseolóxicos (saúdos, despedidas, preguntas por preferencias e expresión de opinións) e léxico sobre temas relacionados con contidos doutras áreas do currículo.<br>– Recoñecemento e uso de antónimos e sinónimos máis comúns, e de procedementos de formación de palabras mediante recursos de derivación e de composición, e recoñecemento de "falsos amigos".<br>▪ B5.7. Recoñecemento e uso de rutinas ou modelos de | ampliación ou a restruturación da información (por exemplo, nova fronte a coñecida; exemplificación e resumo).<br>▪ B5.8. Recoñecer, e aplicar á comprensión do texto léxico oral e escrito de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, así como un repertorio limitado de expresións e modismos de uso frecuente, cando o contexto ou o apoio | | |

| | Primeira Lingua Estranxeira. 4º de ESO | | | |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | interacción básicos, segundo o tipo de situación de comunicación.<br>▪ B5.8. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma. | visual facilitan a comprensión.<br>▪ B5.9. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais. | | |

*Estruturas sintáctico-discursivas do inglés incluídas en *Smart Planet 4:*:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (*not only…but also; both…and*); disxunción (*or*); oposición/concesión (*(not…) but; …,though*); causa (*because (of); due to; as; since*); finalidade (*to- infinitive; for*); comparación (*as/not so Adj. as*; *less/more + Adj./Adv. (than)*; *better and better*; *the highest in the world*); resultado (*so; so that*); condición (*if; unless; segundo condicional);* estilo indirecto (*reported information, offers, suggestions and commands*); condicional cero.
- Relacións temporais (*the moment (she left); while*).
- Afirmación (*affirmative sentences*; *tags; Me too; Think/Hope so*).
- Exclamación (*What + (Adj. +) noun*, *e. g. What beautiful horses!*; *How + Adv. + Adj.*, *e. g. How very nice!*; *exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!, You don't say!, That's terrible!*).
- Negación (*negative sentences with not, never, no* (*Noun, e. g. no chance*)*, nobody, nothing*; *negative tags*; *me neither*).
- Interrogación (*Wh- questions*; *Aux. Questions; What is the book about?; Are you alright;? tags*).
- Expresión do tempo: pasado (*past simple and continuous*; *present perfect; past perfect;* terceiro condicional*; used to*); presente (*simple and continuous present*); futuro (*going to*; *will; present simple and continuous + Adv.; Future Continuous*; primeiro condicional).
- Expresión do aspecto: puntual (*simple tenses*); durativo (*present and past simple/perfect; and future continuous*); habitual (*simple tenses* (+ *Adv., e. g. every Sunday morning*); *used to*); incoativo (*be about to*); terminativo (*stop –ing*).
- Expresión da modalidade: factualidade (*declarative sentences*); capacidade (*can; be able*); posibilidade/probabilidade (*may*; *might*; *perhaps*); necesidade (*must*; *need; have (got) to*); obriga (*have* (*got*) *to*; *must; imperative*); permiso (*may*; *could; allow*); intención (*present continuous*).
- Expresión da existencia (*e. g. there could be*); a entidade (*count/uncount/collective/compound nouns; pronouns (relative, reflexive/emphatic, one(s); determiners);* a calidade *(e. g. pretty good; much too expensive).*
- Expresión da cantidade *(singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. lots/plenty (of). Degree: e. g. absolutely; a (little) bit).*
- Expresión do espazo *(prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement).*
- Expresión do tempo *(points (e. g. at midnight), divisions (e. g. term), and indications (ago; early; late; by the time) of time; duration (from…to; during; until; since); anteriority (already; (not) yet); posteriority (afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just when); frequency (e. g. twice/four times a week; daily)).*
- Expresión do modo *(Adv. and phrases of manner, e. g. carefully; in a hurry).*

## 6.4 CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

***Smart Planet 4*** é un método de ensino do inglés para a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO), deseñado para a consecución dos obxectivos marcados polo currículo desta etapa, ademais da preparación para o exame *Preliminary English Test* (*PET*) de Cambridge. Tendo esta intención en mente, é necesario destacar a dimensión práctica que ten o método, pois vai permitir que o alumnado[1] acabe a etapa coa formación suficiente para poder presentarse a un exame que ten recoñecemento internacional e que é o previo ao *First Certificate Exam*. Deste modo, o método cumpre un dobre obxectivo: por un lado, formar aos alumnos en estratexias, destrezas e capacidades que resultan indispensables e prácticas no proceso de aprendizaxe dunha segunda lingua, e por outro, avanzar na preparación para un exame de referencia, o *PET*. Tendo en conta o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL, ou *Common European Framework of Reference for Languages*, *CEFR*), o método axústase ao obxectivo de que o alumnado remate a ESO cunha competencia lingüística practicamente no nivel B1, que sería xustamente o que se alcanzaría con ***Smart Planet 4***.

***Smart Planet*** está deseñado para cubrir sobradamente, e de maneira dinámica, entretida e rigorosa, tanto as necesidades do alumnado como as do profesorado. Trátase non só de consolidar conceptos xa adquiridos, senón de ser consciente da aplicación práctica destes. Así mesmo, pola formulación do método, preténdese que o alumno entenda e asuma que a aprendizaxe dunha segunda lingua, neste caso o da lingua inglesa, é un proceso continuo que se desenvolverá ao longo do tempo, seguindo desta forma un dos principios fundamentais do MCERL. Pero ademais, ***Smart Planet*** axuda á preparación gradual e minuciosa de cada unha das estratexias de exame, o cal permite adquirir unha visión rigorosa e global de todos os aspectos lingüísticos do inglés a través das súas catro destrezas.

O enfoque didáctico garante a aprendizaxe, a revisión e a consolidación de distintos aspectos da lingua oral e escrita a través dunha metodoloxía moi coidada na que, por exemplo, se potencia o achegamento dedutivo á gramática. Como xa se dixo, proporciónalle ao profesorado o material necesario para axudar e orientar aos seus alumnos a adquirir un nivel intermedio sólido, seguindo as directrices do MCERL. Para levar isto a cabo de maneira dinámica e atractiva, coidouse a selección das temáticas (*topics*) que constitúen o fío condutor das unidades, conseguindo que sexan temas de interese, relacionados co contorno e/ou a realidade do alumnado. A súa esmerada e atractiva presentación, en combinación co uso de estratexias, actividades e presentacións diferentes, constitúen un sólido piar motivacional.

[1] Na presente programación vanse empregar os termos "profesorado", "alumnado" e/ou "estudantes" sempre que sexa posible. Neste mesmo sentido, para eludir as en ocasións aburridas expresións do tipo "os alumnos e alumnas" ou "os profesores e profesoras", predominará o xénero masculino plural ("profesores" e "alumnos"), entendéndose que fai referencia a ambos sexos.

Grazas á súa orientación metodolóxica, os alumnos irán paulatinamente incorporando os contidos curriculares de forma simple e efectiva, a través dunha estrutura clara e unha variedade de actividades que consolidan os coñecementos non só teóricos senón tamén prácticos. As catro destrezas desenvólvense neste método de maneira que lle permiten ao alumno razoar (o enfoque dedutivo xa mencionado) e asimilar os coñecementos, non só para examinarse do PET*,* senón tamén para unha utilización práctica da lingua inglesa nun contorno real.

Entre os **aspectos** máis significativos deste método destacan:

- A clara presentación dos obxectivos.
- A vinculación de contidos e actividades coas competencias clave.
- A coidada elección dos temas, que xera motivación no alumnado e, da mesma maneira, unha aprendizaxe moi significativa.
- Amplas posibilidades para levar a cabo a atención á diversidade.
- Unha forma natural de utilizar as aprendizaxes nas catro destrezas lingüísticas.
- Potenciar a aprendizaxe autónoma do alumno.
- Énfase no método dedutivo como mecanismo para que o alumnado aprenda e asente contidos gramaticais.
- O uso exhaustivo e ben secuenciado do vídeo como recurso didáctico.
- Unha atención especial á corrección de erros típicos de hispanofalantes no proceso de aprendizaxe da lingua inglesa.

***Smart Planet*** está composto por nove unidades, cada unha centrada nun tema ou *topic* que, como dicimos, ten un gran potencial motivacional, ben pola súa actualidade, ben porque pertence á esfera de intereses do alumnado, ou ben pola súa habitualidade e, polo tanto, significatividade. Préstase especial atención ao repaso como estratexia de aprendizaxe. Para empezar, o alumno acomete o repaso de contidos que se supón aprendidos en niveis anteriores na *Starter Unit*. Ademais, ao final de cada unidade hai unha sección denominada *Review.* E, para rematar, cada tres unidades aparece a sección *Unit Review… co* obxectivo evidente de insistir nos obxectivos traballados nesas tres unidades. Tamén cada tres unidades, aparece a sección *Get it right! Units…* que insiste sobre os erros típicos no uso do inglés como segunda lingua por hispanofalantes e que foron analizados ao longo desas tres unidades.

Cada unidade inclúe seccións específicas dedicadas a traballar de maneira específica cada unha das destrezas lingüísticas. Ademais, preséntanse dúas seccións de gramática: *Grammar 1* e *Grammar 2*, con contidos que se compendian na *Grammar Reference* ao final do libro, que lle permite ao alumno dispoñer dunha sección teórica para estudo ou repaso durante o curso ou unha vez acabado este.

***Smart Planet*** está deseñado para ir incorporando progresivamente novos conceptos gramaticais, para ir enriquecendo o vocabulario e para ir afianzando unhas mellores habilidades lingüísticas. Como, ademais, o método coida a significatividade da aprendizaxe, o alumnado séntese motivado porque se decata da importancia que ten a lingua inglesa e, conseguintemente, a súa correcta aprendizaxe, tendo en mente tanto o persoal (o desenvolvemento integral da persoa sobre o que insiste a lexislación) como no plano laboral (pénsese na competencia clave de "Sentido de iniciativa e espírito emprendedor"; da que se falará máis adiante).

Como vimos dicindo, este método pretende dar resposta ás necesidades reais e obxectivas dos alumnos, seguindo os parámetros marcados polo MCERL. En definitiva, trátase de estimular un ensino continuo e práctico, á par que estimulante (para o momento e para a formación continua que supón a aprendizaxe dunha segunda lingua) e, insistimos unha vez máis, permite avanzar na preparación para afrontar un exame como o *PET.*

Os materiais de ***Smart Planet*** ideáronse partindo da premisa de que os alumnos non son simples aprendices da lingua. Considéraselles, en todo momento, exploradores que investigan en cada un dos aspectos do seu proceso de aprendizaxe.

É por iso que ***Smart Planet*** é un método de ensino do inglés cunha orientación inminentemente práctica baseada en dous aspectos metodolóxicos fundamentais:

1. O enfoque interactivo, insistindo en conferir esta dimensión de comunicación ao emprego (e desenvolvemento) das habilidades lingüísticas.
1. O método dedutivo como un dos piares da aprendizaxe.

Para iso, seleccionáronse coidadosamente a secuenciación de conceptos, a presentación dos contidos, a lóxica de traballo nas actividades e as propias actividades. Da mesma maneira, o *público* mozo ao que vai dirixido o método tívose moi en conta á hora de elixir imaxes, textos, audios e vídeos, así como o deseño e presentación gráfica do material.

***Smart Planet*** ten moi en conta a necesidade de que se xere un clima de aprendizaxe positiva na aula. Certamente isto vai depender en gran medida do bo saber do docente para xerar canles de comunicación co seu alumnado e, polo tanto, un bo entendemento; como tamén dependerá de que se facilite un marco motivador de interacción mutua, docente-alumno e alumno-alumno. E ***Smart Planet*** teno en conta porque as tarefas se presentan de forma clara, porque aborda os conceptos desde exercicios diversos e non simplemente repetitivos, porque anima ao traballo en parellas e en grupos, porque dá oportunidades para que o alumno presente na clase os seus traballos de documentación na casa e porque achega ferramentas para que o alumno comprobe os seus avances.

***Smart Planet*** ofrece un maior número de actividades produtivas coas que os alumnos poderán desenvolver as súas destrezas de Expresión escrita e oral (*speaking and writing skills*), á vez que sigan desenvolvendo a súa comprensión auditiva e lectora (*reading and listening skills*).

Ademais, para a selección do vocabulario obxectivo de aprendizaxe ao longo do método tívose en conta o labor realizado no proxecto *English Profile*. A investigación levada a cabo neste proxecto permitiu identificar o que os alumnos saben e o que poden facer en inglés en cada un dos niveis do proceso de aprendizaxe da lingua segundo o MCERL. O anterior, xunto coa idade do alumnado para cada curso da ESO, estableceu o marco de definición do vocabulario que se vai ensinar.

O **profesor** adopta o papel de **orientador e facilitador** da aprendizaxe por medio de actividades en parellas, en grupo e role plays. As actividades de comunicación deste tipo proporciónanlle ao alumno a oportunidade de traballar independentemente, sen o profesor. Neste tipo de actividades, o profesor mantense relativamente á marxe da actividade e supervisa e intervén cando o considera necesario.

***Smart Planet*** propón, en definitiva, unha metodoloxía clara e sinxela, da que podemos destacar o seguinte:

- Para ensinar gramática: proponse un método baseado no esforzo dedutivo do alumno, o que non quita que teña un compoñente máis indutivo cando se trata de refrescar conceptos gramaticais que xa se supoñen adquiridos polo alumno en cursos anteriores. Pero cando se ha de traballar un aspecto novo o método busca que o alumno chegue a conceptualizalo por si mesmo, a partir do seu propio traballo e non por simple transferencia do profesor. Desta maneira preténdese unha fixación cognitiva máis intensa e, polo tanto, permanente. Os conceptos novos introdúcense ou ben a través dunha lectura ou ben a partir da audición dun texto; o que se quere traballar enfatízase xusto encima das táboas sobre as que o alumno deberá executar a súa capacidade dedutiva. E, en calquera caso, ao alumno dáselle a referencia para

que comprobe o contido gramatical na sección teórica que aparece ao final do libro (que, como xa dixemos, tamén serve para cando o alumno queira facer unha revisión). Coidouse a secuenciación dos exercicios, desde os moi pautados ata os que lle permiten maior liberdade de execución ao estudante. E destaca que ao final de cada páxina se lle ofrece ao alumno a oportunidade de poñer en uso o aprendido (a actividade *Your Turn*).

- Para ensinar vocabulario: cada sección de vocabulario ten unha presentación moi visual que permite captar a atención do alumno e facilita a memorización do novo léxico, xeralmente resaltado en cadros. Ofrécese unha gran cantidade de exercicios que supoñen a execución de diferentes estratexias de uso do novo vocabulario, de forma que se facilita a súa retención. E coas audicións búscase que o alumno depure a pronuncia do novo vocabulario. E, de novo, resaltar a actividade *Your Turn* ao final de cada páxina.

- Para ensinar as habilidades lingüísticas: aínda que a metodoloxía ten unha aproximación plural, isto é, que se busca o traballo simultáneo das catro destrezas (que é a lóxica natural da comunicación), parece oportuno distinguir algúns aspectos didácticos para cada unha delas:

*Speaking*: o método ofrece un gran número de actividades que invitan á interacción oral entre os alumnos, sexa en parellas, en pequenos grupos ou dirixíndose a toda a clase. O obxectivo é sempre que se usen o vocabulario e os conceptos gramaticais traballados. E búscase tamén que ese uso se faga no contexto máis natural posible; así, pídeselles aos alumnos que falen de si mesmos ou do seu contorno, que expresen as súas opinións, as súas preferencias, os seus pensamentos… De maneira específica, cada unidade ten unha sección deseñada para un uso funcional da linguaxe a través de actividades de *role-play* nas que simulan situacións cotiás. A sección compleméntase cun vídeo que xerará a posibilidade de que o alumno fale de si mesmo: rapaces británicos ou norteamericanos contestan a unha pregunta sobre eles mesmos, á que tamén se lle invita a contestar ao estudante.

*Writing*: o método pretende traballar a produción de textos escritos de diferente estilo (p.e., ensaios de opinión ou panfletos publicitarios). Ademais de traballar os contidos propios da unidade, facilita que o alumno expanda os seus coñecementos (p.e., novo vocabulario) e que aprenda a utilizar determinados elementos que facilitan a redacción, tales como conectores, adverbios, etc. O alumno comeza sempre co traballo sobre un modelo do tipo de texto que se vai traballar; analízase e coñécense os elementos ou fases que se han de seguir para a súa produción. Como peche da sección cada alumno deberá afrontar a tarefa de escribir un texto dese tipo.

*Listening*: o método ofrece numerosas oportunidades para que os alumnos escoiten a nativos angloparlantes. Así, tanto o vocabulario que se vai estudar como a linguaxe funcional preséntanse en formato de audio (o que facilita, como xa comentamos, que o alumno coñeza a súa correcta pronuncia), e os textos e os modelos de conversa ofrécense tamén gravados. Axúdase ao desenvolvemento da comprensión de mensaxes orais xerando unha adecuada contextualización do que se vai escoitar: traballando os textos, abordando situacións de interacción oral o máis familiares ou cotiás posibles, etc. Ademais, coidouse de maneira especial o material gráfico que acompaña ás tarefas de *listening*. Isto facilita a focalización da atención ao alumno, pero tamén axuda ao profesor á hora de sinalar elementos de aprendizaxe. É evidente que todas as destrezas se traballan tamén desde as actividades do *Workbook*, pero se queremos destacar isto para o desenvolvemento do *Listening* é porque lle permite ao estudante realizar unha tarefa non só individual senón moi centrada no seu propio ritmo de aprendizaxe, manexando ao seu criterio os exercicios que se lle propoñen (p.e., reproducindo o audio cantas veces sexa necesario).

*Reading*: ***Smart Planet*** busca o esencial, motivar á lectura, pois esa é a clave metodolóxica para que o alumno desenvolva esta habilidade: hai que ler e hai que facelo motivado. Como xa se dixo, a selección dos textos foi moi coidada para que o rapaz se sinta atraído cara aos contidos que se lle presentan. Cada unidade inclúe dous textos, que van variado en formato e/ou presentación. O primeiro permite traballar o vocabulario visto previamente e tamén presenta a gramática que se abordará na páxina seguinte. O segundo texto ten o atractivo da súa dimensión máis cultural (de feito, a sección denomínase *Reading: Culture*). Ademais, ofrécense outras lecturas nas páxinas de *CLIL*, anímase á procura e lectura de información nas actividades propostas para o traballo sobre os vídeos de cada unidade e o profesor pode suxerir outras lecturas para casa grazas a *Cambridge Discovery Education Interactive Readers*.

– Para ensinar pronuncia: en cada unidade inclúese unha sección específica para traballar diferentes aspectos da pronuncia: acentuación de palabras (*word stress*), fonemas de especial dificultade e entoación ou prosodia. Indubidablemente, a abordaxe faise desde a imitación pero tamén é importante que o alumno incorpore as razóns dunha adecuada pronuncia: empezando pola máis xeral, cal é a facilitación da comunicación oral, para avanzar a argumentos máis específicos como, por exemplo, palabras que teñen distinta función segundo onde caia o acento ou cambios sutís na pronuncia que xerarán confusión no oínte (*leave* vs *live*). O método enfatiza tamén a corrección de erros típicos en hispanofalantes e para iso invita ao alumno a traballar de maneira específica o que se ofrece na subsección *Say it right!*, dentro das páxinas *Get it right!*

–

**Contribución da materia de Lingua Estranxeira á adquisición das competencias básicas**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición das seguintes competencias, traballadas todas elas en cada unidade de **Sm*art Planet 4*** *:*

***Competencia en comunicación lingüística***, ao completar, enriquecer e achegar novos matices comprensivos e expresivos a esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada na mellora de habilidades comunicativas contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido en que o fai a primeira lingua. A contribución da lingua estranxeira ao desenvolvemento desta competencia é primordial no discurso oral ao adquirir as habilidades de escoitar, falar e conversar. Así mesmo, a aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xeral ao potenciar a habilidade para expresarse oralmente e por escrito.

***Tratamento da información e competencia dixital***, ao acceder de xeito sinxelo e inmediato á información que se pode atopar nesta lingua, á vez que ofrece unha posibilidade de comunicación utilizándoa. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios con xuventude doutros lugares e, o que é máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Este uso cotián contribúe directamente ao desenvolvemento desta competencia.

***Competencia social e cidadá***, ao favorecer o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Por outra banda, en lingua estranxeira é especialmente relevante o traballo en grupo e en parellas xa que, a través destas interaccións, apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, poténciase a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros/as, conseguir acordos e, en definitiva, favorécese aprender dos demais e cos demais.

***Competencia cultural e artística,*** ao incluír un achegamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribuíron á creación artística. Así mesmo, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia se se facilita a expresión de opinións, gustos e emocións que producen as diversas manifestacións culturais e artísticas e se se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, como a realización e representación de simulacións e narracións.

***Competencia para aprender a aprender***, ao facilitar ou completar a capacidade do alumnado para interpretar ou representar a realidade e, así, construír coñecementos, formular hipóteses e opinións e expresar e analizar sentimentos e emocións. Por outra banda, a competencia para aprender a aprender ten enormes beneficios se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe. Esa é a razón da inclusión no currículo dun apartado específico de reflexión sobre a mesma. O desenvolvemento de estratexias diversas de "aprender a aprender" prepara o alumnado de forma progresiva na toma de decisións que favorecen a autonomía para utilizar e seguir aprendendo a lingua estranxeira ao longo da vida.

***Autonomía e iniciativa persoal***, ao fomentar o traballo cooperativo na aula e o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e a toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, propiciando así a autonomía e a iniciativa persoal.

Para rematar, e malia que a *Competencia matemática* e a *Competencia no coñecemento e na interacción co mundo físico* non se mencionan especificamente nos obxectivos para Lingua Estranxeira, os materiais elaborados para esta materia conteñen actividades coas que os alumnos/as poderán desenvolver tamén estas competencias.

## 6.5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- 4ºESO "SMART PLANET 4"
- Autores: Ben Goldstein & Geri Jones
- Editorial: Cambridge

**PARA O ESTUDANTE:**

- Student's Book cun DVD-ROM

(NON se vai utilizar o Workbook)

**Para o profesor/a:**

- Teacher's Book
- Smart Resources DVD-ROM
- Interactive Whiteboard

***Smart Planet 4*** consta dun Libro do Alumno (*Student's Book cun DVD-ROM*), un Caderno de Actividades (*Workbook*) e o Libro do Profesor (*Teacher's Book*), que inclúe os *Class Audio CDs* e o *Smart Resources DVD-ROM*. Tanto o Libro do Alumno como o Caderno de Actividades están dispoñibles en formato dixital (*Digital Student's Book* e *Digital Workbook)*; outros compoñentes dixitais son *Digital Planet* (dispoñible en DVD-ROM e *on-line*), a aplicación *Smart Augmented Reality App*, o *Test Generator* e os recursos web (*Web resources*).

O **Libro do Alumno** consta de 128 páxinas a toda cor que inclúen:

- Unha unidade inicial (*Starter Unit*) de toma de contacto e repaso de contidos vistos no primeiro ciclo da ESO.
- 9 unidades principais, cada unha de 10 páxinas, con seccións de gramática, vocabulario, audición e lecturas. As catro destrezas traballanse en todas as unidades e xéranse así mesmo oportunidades para que os alumnos practiquen a comunicación oral (sección *Your Turn*). Cada unidade inclúe o traballo con catro vídeos, que se sinalan co epígrafe *Discovery Education*. Ademais, ao final de cada unidade inclúese unha páxina de repaso.

- Cada tres unidades, isto é, tras as unidades 3, 6 e 9, aparecen dúas páxinas de especial relevancia. En primeiro lugar, a páxina (*Review*) habilita o repaso dos contidos lingüísticos traballados ao longo desas tres unidades. A seguinte páxina, *Get it right!*, extraída do *Cambridge English Corpus*, permite repasar os erros máis comúns que cometen os hispanofalantes cando acometen a aprendizaxe (e uso) da lingua inglesa.
- Un total de 24 páxinas de material extra. En concreto este material consiste en nove páxinas de contidos intercurriculares (*CLIL*), tres páxinas que presentan traballos para ser realizados en equipo (*Project*), nove seccións (unha por unidade) para traballar de maneira específica certas áreas de pronuncia (*Pronunciation*), unha referencia gramatical que aglutina estes contidos unidade por unidade (*Grammar reference*) e, finalmente, unha páxina cunha táboa de verbos irregulares e de símbolos fonéticos.

O **Caderno de Actividades** ten tamén 128 páxinas en branco e negro que inclúen:

- Unha *Starter Unit*, de novo coa intención de repasar contidos dos cursos anteriores.
- Bloques de actividades para cada unidade, cada un consistente en seis páxinas de actividades que permiten abordar unha vez máis todo o traballado, pero que non son unha simple repetición mecánica de exercicios. Ao final de cada bloque ou unidade aparecen dúas páxinas de repaso (*Review*).
- Ao igual que no *Student's Book*, cada tres unidades hai unha páxina para traballar os erros máis comúns, *Get it right!*, cunha subsección específica para abordar erros en ortografía (*Spell it right!*) e unha páxina de revisión que aglutina os contidos desas tres unidades (*Unit review…*).
  - 20 páxinas de traballo sobre gramática (*Grammar reference*) deseñadas de maneira que na páxina par ou esquerda se explican os conceptos e na páxina impar ou dereita se ofrecen actividades de práctica para afianzalos.
  - Nove páxinas con actividades específicas para traballar o vocabulario (*Vocabulary extra*).
  - As transcricións dos audios.
  - Unha lista do vocabulario (*Wordlist*) que se usou, coa transcrición fonética de cada palabra.
  - Unha páxina final cunha listaxe de verbos irregulares.

O **Libro do Profesor** contén:

- Unha presentación do método e os seus compoñentes; que permite unha rápida visión que facilitará o seu uso aos profesores máis noveis ou acabado de incorporar (interinidades, substitucións…).
- Unha táboa que vincula os descritores do MCERL cos contidos do libro.
- Varias páxinas nas que se relacionan as competencias básicas coas diferentes seccións e/ou actividades e exercicios de cada unidade.
- Unha sección acerca dos piares metodolóxicos sobre os que se asentan os materiais que constitúen ***Smart Planet***. Desta maneira búscase a máxima complicidade entre o profesor e o método, de forma que o beneficio para os seus alumnos sexa igualmente máximo. Máis en concreto, inclúese unha reflexión didáctica de Ben Goldstein sobra a importancia do uso dos vídeos na aula. Tamén se concretan aspectos sobre a flexibilidade inherente ao método e sobre a avaliación.
- Notas didácticas para as 9 unidades do Libro do Alumno con:
- os obxectivos de cada unidade;
- unha táboa que relaciona aprendizaxes coas competencias básicas;
- notas paso a paso para cada actividade;
- suxestións de actividades opcionais (*Optional activities*), incluíndo algunhas específicas para os alumnos máis capaces (*Fast finishers*);
- suxestións didácticas (*Teaching tips*);
- información complementaria de contidos culturais (*Background information*);
- paneis coa información necesaria para traballar tres dos catro vídeos de *Discovery Education*;
- a versión solucionada de todas as actividades;
- as transcricións das audicións e dos exercicios que precisan comprensión oral.
- Notas didácticas para as páxinas de *CLIL*; aquí inclúese o panel informativo para o cuarto vídeo de *Discovery Education* de cada unidade.
- Explicacións detalladas para abordar o traballo de cada *Project*.

- As transcricións dos vídeos.
- O solucionario do Caderno de Actividades.
- Varias páxinas con propostas de xogos para amenizar a aprendizaxe *(Games bank)*
- Os *Class Audio CDs* conteñen as gravacións de todos os exercicios tanto do Libro do Alumno como do Caderno de Actividades.
- O *Smart Resources DVD-ROM* contén os 36 vídeos correspondentes á sección Discovery Education das 9 unidades e unha gran cantidade de material imprimible, incluíndo:

- exames para a avaliación inicial, para cada unidade, para o final do trimestre e como avaliación de final de curso, con dous niveis de dificultade, e cos arquivos de audio correspondentes aos exercicios de comprensión oral que se propoñen;
- práctica de exame oral;
- exercicios extra de práctica gramatical e de vocabulario, con dous niveis de dificultade;
- exercicios extra para traballar a ampliación de vocabulario;
- actividades para a interacción comunicativa en parellas;
- actividades de drama e para favorecer o diálogo;
- actividades extra de comprensión oral (cos arquivos de audio);
- ampliación de información cultural;
- actividades para traballar vídeos;
- quebracabezas e *quizzes*.

- O **DVD-ROM** que acompaña ao Libro do Alumno (*Student's DVD-ROM*) contén todos os vídeos de *Discovery Education*, xunto cun abano de actividades interactivas que lle permitirá ao alumno unha mellor comprensión dos vídeos. Para cada vídeo preséntase un exercicio autocorrixible que o alumno afrontará

coa posibilidade de manexar o vídeo á vontade (con ou sen subtítulos, detelo cando lle interese, volver ver unha secuencia…); ao acabar o exercicio poderá así mesmo comprobar as súas respostas.

- As **versións dixitais do Libro do Alumno e do Caderno de Actividades** conteñen varios centos de actividades interactivas, ademais de todos os audios e os vídeos de *Discovery Education*.

- O método inclúe un importante paquete de materiais para ser usados en encerado dixital, é o que se coñece como ***Digital Planet***, e inclúe:

- as versións dixitais do Libro do Alumno e do Caderno de Actividades; loxicamente cos audios e os vídeos, e tamén co solucionario;
- os exercicios e actividades destes dous materiais en formato interactivo, o que facilita a súa presentación na clase, incluíndo o correspondente aos vídeos de *Discovery Education*;
- a versión dixital do *Teacher's Book* en inglés e en castelán;
- acceso sincronizado desde actividades do *Student's Book* ás asociadas no *Workbook*, así como a notas para o profesor e ao solucionario;
- ferramentas para que o profesor poida incorporar apuntes ou hiperenlaces entre os contidos de calquera dos libros (Alumno, Actividades e Profesor);
- un "rotafolio dixital" que o profesor pode usar durante a clase e, por suposto, gardar ao final;
- unha páxina con accesos directos a todos o audios e vídeos de cada unidade.

- O acceso *on-line* a *Digital Planet* atópase na seguinte páxina *web da* editorial: www.cambridgeteacher.es

- A **aplicación *AR*** (*Smart Planet Augmented Reality App*), como o seu nome indica, consiste en facilitar o acceso (realidade aumentada) aos vídeos, as actividades interactivas máis importantes e ás presentacións sobre gramática. Os alumnos que a necesiten poden descargala na seguinte páxina *web*: www.smartplanetapps.es

- Coa ferramenta ***Test Generator*** os profesores poden xerar exames axustados ás características do seu alumnado. Poden así elixir exercicios para comprobar a adquisición de vocabulario, os coñecementos gramaticais ou calquera das destrezas lingüísticas, e poden facelo en relación a uns contidos concretos ou cunha intención sumativa (global); así mesmo, inclúe exames por unidade e finais.

- ***Web resources***: os ficheiros de audio correspondentes ao Caderno de Actividades están dispoñibles para os alumnos en formato mp3 na páxina *web* do método: www.cambridge.org/elt/smartplanet

## 6.6 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Hai que apuntar que ***Smart Planet*** ocúpase da atención á diversidade no seu programa, estrutura e contidos. Como xa se mencionou anteriormente, o programa de ***Smart Planet*** é flexible. Ofrece puntos concretos e propostas xerais para axudar aos profesores a adaptar ese programa ao seu propio contexto: o centro, a súa aula e cada alumno.

Os contidos de ***Smart Planet***, coidadosamente seleccionados, preséntanse dun modo atractivo e estimulante co obxecto de atender á diversidade. O curso atense a unha estrutura cíclica que lles permite aos alumnos ampliar os seus coñecementos con base no que xa saben e afondar máis nas áreas culturais ou lingüísticas novas ou de maior complexidade. Á súa vez, o complexo procedemento de avaliación contén criterios xerais que se deben elaborar e adaptar para cada grupo, establecendo obxectivos concretos, segundo o contexto do centro, o profesor e a clase. Os profesores dispoñen de distintos instrumentos de avaliación e habilidades, así como de tarefas concretas. Ademais, é necesario establecer os contidos mínimos segundo as necesidades, capacidades e ritmo ao que aprenden os nosos alumnos.

É máis, para poder ocuparnos das **necesidades educativas** con éxito hai que fixarse nas **actividades, materiais** e **recursos** que se propoñen en ***Smart Planet***. A gran maioría destas actividades pódense utilizar de modo personalizado e son abertas de modo que cada alumno pode responder de forma diferente, segundo a súa capacidade.

As actividades do Caderno de Actividades céntranse nos contidos clave de cada unidade. Poden utilizarse tanto para aqueles alumnos que necesitan máis apoio como para os máis capacitados que terminan a tarefa inicial pronto. Cada alumno necesitará unha cantidade de tempo determinada, que dependerá en maior ou menor grao da súa motivación. Gran parte das actividades están pensadas para uso na aula, pero tamén se poden mandar de deberes a modo de reforzo. Como se mostra na táboa que aparece máis adiante, o mesmo material e/ou recursos pódense utilizar como apoio ou como ampliación, é dicir, cámbiase o obxectivo segundo corresponda. Por exemplo, unha sinxela pregunta sobre un texto pode servir de reforzo para os alumnos menos avanzados, pero tamén pode actuar como inspiración nunha actividade de ampliación na que se lles pida aos alumnos que pensen noutras palabras do mesmo campo semántico.

Recoméndase que o profesor aproveite as habilidades dos alumnos de todas as formas que se lle ocorran. Pode suceder que un alumno que detesta falar goce escribindo vocabulario no encerado, mentres que a outros se lles dea ben debuxar ou confeccionar pósteres.

Outro factor crucial é a metodoloxía que segue o profesor co seu grupo en particular e, máis concretamente, cos alumnos que teñen dificultades de aprendizaxe. O máis importante con calquera tipo de tarefa é asegurarse de que se levou a cabo unha correcta preparación previa, que os alumnos saben todas as palabras que van necesitar e que comprenden a finalidade da actividade. Se se dota aos alumnos coas ferramentas lingüísticas adecuadas que lles permitan realizar a actividade con éxito, teremos garantías de que a todos lles resulta suficientemente esixente e interesante. Sen a preparación necesaria, os alumnos poden sufrir unha experiencia de aprendizaxe negativa, o que os levará a perder confianza e a sentirse frustrados cunha actividade que esixe un grao de habilidade que non teñen.

Como se dixo anteriormente, a avaliación e a estimulación son cruciais para os alumnos, pero máis para aqueles que teñen necesidades educativas. Ao realizar unha actividade, débeselles dirixir para que atopen as respostas correctas en vez de facilitárllelas. Así, os alumnos sentiranse satisfeitos ao encontrar a resposta correcta. Cada vez que un alumno calquera cometa un erro, hai que insistir en que cometer erros é parte do proceso de aprendizaxe e que non deben sentir vergoña por equivocarse.

As Actividades Extra de cada lección (*extension ideas* e *alternative treatment*) pódense utilizar cada vez que o profesor considere que os alumnos necesitan practicar máis certo vocabulario. Pódense utilizar esas mesmas actividades como ampliación para os alumnos máis avanzados, aínda que en ocasións haxa que modificar lixeiramente as instrucións. Ademais, no CD de Recursos do Profesor hai follas de ampliación ou reforzo do vocabulario e estruturas principais de cada unidade. Así mesmo hai follas de listas de palabras coas súas definicións para repasar e ampliar o vocabulario do alumno.

Non hai que esquecer que o repaso constante é outra parte importante do proceso de aprendizaxe que axudará en gran medida aos alumnos con necesidades especiais, así como ao resto do grupo. ***Smart Planet*** baséase nun sistema de repaso continuo, con diferentes xogos e técnicas para repasar o vocabulario estudado en cada unidade e en cada bloque de dúas unidades.

O CD de Recursos do Profesor, as actividades online interactivas e o CD-ROM para encerado dixital presentan máis materiais pensados para axudar ao profesor a atender ás distintas necesidades específicas coas que se atope na aula.

En concreto, no caso do alumnado que presente TDAH, as probas ou exames escritos serán curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo.

Tamén se deixará máis tempo para a súa realización, incluso valorando a posibilidade de dividilas en dúas sesións, e sendo flexibles na súa duración.

## 6.7 CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO.

**Lenda dos elementos transversais**

| | |
|---|---|
| CL | Comprensión lectora |
| EOE | Expresión oral e escrita |
| CA | Comunicación audiovisual |
| TIC | Tecnoloxías da información e da comunicación |
| EMP | Emprendemento |
| EC | Educación cívica |
| PV | Prevención da violencia |
| EV | Educación e seguridade viaria |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países). | X | ▪ | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión. | X | ▪ | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional). | X | ▪ | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes | X | ▪ | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua. | | | | | | | |
| ▪ PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles. | ▪ | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo. | X | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas | X | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| de actualidade). | | | | | | | |
| ▪ PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc. | ▪ | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | ▪ | X | X | ▪ | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. | ▪ | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais | ▪ | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto. | | | | | | | |
| ▪ PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. | ▪ | X | X | ▪ | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, | ▪ | X | X | ▪ | ▪ | ▪ | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| as súas opinións e os seus plans. | | | | | | | |
| ▪ PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.). | X | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material. | X | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo). | X | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de | X | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas; recoñece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles. | | | | | | | |
| ▪ PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese. | X | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estadía de estudos no estranxeiro). | X | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto | X | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ocupacional). | | | | | | | |
| ▪ PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela. | X | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares; narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de certas accións. | ▪ | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos. | ▪ | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite | ▪ | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenís, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía. | | | | | | | |
| ▪ PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles. | ▪ | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa). | ▪ | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass. | ▪ | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese. | ▪ | X | X | ▪ | X | ▪ | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB4.8. Fai unha presentación coidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación. | ▪ | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras. | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto. | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos | X | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EOE | CA | TIC | EMP | EC | PV |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | | | | | | | |
| ▪ PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta. | X | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica. | X | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | ▪ | X | X | X | ▪ | ▪ | ▪ |

## 6.8 CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

A avaliación será continua e diferenciada segundo as distintas materias do currículo.

Os criterios de avaliación das materias serán un referente fundamental para valorar tanto o grao de adquisición das competencias básicas coma o de consecución dos obxectivos

### 6.8.1. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

**1.** Comprender a información xeral e a específica, a idea principal e algúns detalles relevantes de textos orais sobre temas concretos e coñecidos, e de mensaxes sinxelas emitidas con claridade por medios audiovisuais.

A través deste criterio apreciarase a capacidade para seguir instrucións, comprender avisos, diálogos ou exposicións breves e cara a cara, que traten temas coñecidos como lecer e tempo libre, preferencias, experiencias persoais, organización da clase e aqueles nos que identifiquen a intención do falante. Así mesmo, preténdese medir a capacidade para comprender tanto a idea xeral coma informacións específicas de textos orais procedentes dos medios de comunicación con pronuncia estándar.

**2.** Participar en conversacións e simulacións breves, relativas a situacións habituais ou de interese persoal e con diversos fins comunicativos, utilizando as convencións propias da conversación e as estratexias necesarias para resolver as dificultades durante a interacción.

Con este criterio avalíase a capacidade para desenvolverse en conversacións utilizando as estratexias adecuadas para comprender e facerse comprender co fin de expresar gustos, necesidades, sentimentos, dar e solicitar información, expresar opinións e relatar experiencias. As conversacións daranse en relación directa cos interlocutores habituais na aula ou con persoas nativas conscientes de falar con estudantes estranxeiros.

Os intercambios comunicativos poderán presentar algunhas incorreccións que non dificulten a comunicación.

**3**. Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos e adaptados, de extensión variada, diferenciando feitos e opinións e identificando no seu caso, a intención comunicativa do autor.

A través deste criterio avalíase a capacidade para comprender diferentes tipos de textos escritos (narrativos, descritivos, argumentativos) que traten temas do currículo, aplicando as estratexias de lectura coñecidas e outras novas como a identificación do tema por medio de elementos textuais e para-textuais.

Con este criterio tamén se avalía a capacidade para ler de forma autónoma libros, noticias, instrucións, explicacións, etc., de certa extensión, en diferentes soportes e con finalidades diversas: solicitar ou comunicar información para a realización dunha tarefa específica, aprender contidos doutras materias e ler por pracer ou entretemento.

**4.** Redactar de forma guiada textos diversos en diferentes soportes, coidando o léxico, as estruturas, e algúns elementos de cohesión e de coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensíbeis ao lector.

Este criterio avalía a capacidade para comunicarse por escrito, para a elaboración e revisión de borradores e para a elección do rexistro adecuado. Os textos presentarán como mínimo unha sintaxe simple e facilmente comprensíbel, léxico limitado pero adecuado a contexto e a ortografía e a puntuación correctas. Estarán relacionados coas necesidades de comunicación máis usuais e as diferentes intencións comunicativas. En todos os escritos, avaliarase tamén a presentación clara, limpa e ordenada e a habilidade no uso dos medios informáticos para a elaboración e presentación de textos.

**5.** Utilizar de forma consciente en contextos de comunicación variados, os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender mellor as producións alleas.

A través deste criterio apreciarase a capacidade para aplicar de forma cada vez máis autónoma os seus coñecementos sobre o sistema lingüístico e reflexionar sobre a necesidade da corrección formal que fai posíbel a comprensión tanto das súas propias producións coma das alleas.

**6.** Identificar, utilizar e explicar oralmente diferentes estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe.

Este criterio pretende avaliar se o alumnado utiliza as estratexias que favorecen o proceso de aprendizaxe como a valoración dos seus progresos e a reflexión sobre a propia aprendizaxe; a utilización de estratexias diversas para almacenar, memorizar e revisar o léxico; o uso cada vez máis autónomo de dicionarios, recursos bibliográficos, informáticos e dixitais; a análise e a reflexión sobre o uso e o significado de diferentes formas gramaticais mediante comparación e contraste coas linguas que coñece, a utilización consciente das oportunidades de aprendizaxe na aula e fóra da mesma,  ou o uso de mecanismos de autocorrección.

**7.** Usar as tecnoloxías da información e da comunicación de forma progresivamente autónoma para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico, e para estabelecer relacións persoais orais e escritas, mostrando interese polo seu uso.

Trátase de valorar con este criterio a capacidade de utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación como ferramenta de comunicación e de aprendizaxe en actividades habituais da aula, e para estabelecer relacións persoais tanto orais coma escritas. As comunicacións que se estabelezan versarán sobre temas familiares previamente traballados. Tamén se terá en conta se o alumnado valora a diversidade lingüística como elemento enriquecedor, a súa actitude cara á lingua estranxeira e os seus intentos por utilizala.

**8.** Identificar os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, sinalar as características máis significativas dos costumes, normas, actitudes e valores da sociedade cuxa lingua se estuda, e mostrar unha valoración positiva de patróns culturais distintos aos propios.

A través deste criterio apreciarase se os alumnos e alumnas son capaces de identificar en textos orais ou escritos algúns trazos significativos e característicos da cultura xeral dos países onde se fala a lingua estranxeira, se poden describilos de forma clara e sinxela e se mostran respecto cara aos valores e comportamentos doutros pobos, superando deste xeito algúns estereotipos.

### 6.8.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

É preciso levar a cabo varios tipos de avaliación: individual, continua, final, autoavaliación, etc.

A **avaliación individual** permite investigar os coñecementos de inglés que teñen os alumnos/as. Faise un exame de diagnóstico ao comezo do curso.

Tamén se debe avaliar o progreso dos alumnos/as nun período de tempo, é dicir, facer unha **avaliación formativa**.

A **autoavaliación** é un bo modo de que o alumno/a sexa consciente tanto do seu progreso coma das súas carencias ou necesidades, contribuíndo así a desenvolver a súa autonomía e a responsabilidade da súa aprendizaxe..

O alumno/a, de forma autónoma poderá repasar ou reforzar os coñecementos que vaia adquirindo a través das actividades da páxina web, e tamén mellorar a súa comprensión oral cos textos, diálogos e cancións incluídos na mesma, así como practicar a expresión oral.

**INSTRUMENTOS DE CONTROL DO TRABALLO DIARIO**

O obxectivo é fomentar a constancia no traballo

1. Ter as tarefas feitas. Saber o vocabulario novo e o dado anteriormente.

2. Todo esto comprobaráse nas chamadas de clase.

3. Avaliarase tamen o esforzo por pronunciar correctamente.

4. Traballos ó día.

5. Preguntas e respostas escritas e orais dos temas dados.

6. Participación na aula.

7 Cada profesor nas súas aulas poderá facer todos os controis que considere necesarios, para avaliar os seus alumnos.

### 6.8.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Unha vez fixados os criterios de avaliación, convén sinalar que o alumnado será cualificado de maneira continua e a través de distintos instrumentos de avaliación para comprobar o grado de aprendizaxe dos contidos programados.

Ao comezar o curso faremos un "Diagnostic Test" para ter unha idea, aínda que aproximada, do grupo co que imos traballar. Ao final de cada unidade temos un Test que pode servir de autoavaliación para o alumno/a e tamén para o profesor comprobar si se adquiriron os contidos traballados na unidade. Os alumnos poderán ter un ou varios exames por avaliación con tarefas similares as realizadas na clase . Finalmente ao longo do proceso de aprendizaxe o profesor comprobará o traballo persoal e o esforzo por mellorar e incorporar os contidos propios do curso.

Nas tres avaliacións parciais correspondentes ó curso lectivo, os estudantes de **4º de ESO** serán cualificados sobre un máximo de 100 puntos, distribuídos do seguinte modo :

**Written Skills: reading ..................................................................15**

**writing ..................................................................15**

**Oral Skills: listening …..................................................................10**

**speaking (expresión e interacción na aula)...........10**

**Linguistic Tools: grammar …......................................................20**

**vocabulary.......................................................20**

**Personal work ............................................... 10** ,distribuídos da seguinte maneira:

Written work (traballo fóra da aula): 5

Uso do inglés: Sempre ( 3 ); Habitualmente ( 2 ); Case nunca ( 1 ); Nunca ( 0 ).

Classwork (traballo na aula): Sempre ( 2 ); Habitualmente ( 1 ); Case nunca ( 0,5 ); Nunca ( 0 ).

O “writing” e o “speaking” serán avaliados utilizando as rúbricas que aparecen nos apartados 22.1. e 22.2. desta programación, respectivamente.

**A nota final do curso será o resultado de calcular a media aritmética das tres avaliacións parciais.**

Despois de ter realizada a terceira  avaliación parcial, no período abranguido entre esa avaliación parcial e a final, o alumnado que non acadara unha cualificación positiva nalgunha das avaliacións parciais realizará unha serie de actividades de  apoio e reforzo para poder superalas. Os estudantes que sí superaran todas as avaliacións parciais poderán  optar a acadar unha cualificación superior  despois de realizar, neses días, actividades de consolidación.

Estas tarefas tratarán as distintas destrezas nas mesmas porcentaxes que as tres avaliacións parciais.

O alumno que non acadase unha puntuación positiva  non se considerará apto.

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Proba escrita | Proba oral | Observación na aula | Traballo individual |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB1.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da | 3 | ▪ | ▪ | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Proba escrita | Proba oral | Observación na aula | Traballo individual |
|---|---|---|---|---|---|
| voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuíndo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias. | | | | | |
| ▪ PLEB1.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países). | 3 | ▪ | ▪ | X | X |
| ▪ PLEB1.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión | 3 | X | | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Proba escrita | Proba oral | Observación na aula | Traballo individual |
|---|---|---|---|---|---|
| claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturados e articulados con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión. | | | | | |
| ▪ PLEB1.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional). | 3 | ▪ | | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Proba escrita | Proba oral | Observación na aula | Traballo individual |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB1.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua. | 3 | ▪ | | X | X |
| ▪ PLEB1.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles. | 3 | ▪ | ▪ | X | X |
| ▪ PLEB1.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na | 2 | ▪ | ▪ | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Proba escrita | Proba oral | Observación na aula | Traballo individual |
|---|---|---|---|---|---|
| que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo. | | | | | |
| ▪ PLEB1.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade). | 3 | ▪ | | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Proba escrita | Proba oral | Observación na aula | Traballo individual |
|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc. | 3 | ▪ | | X | X |
| ▪ PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervén na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras. | 3 | ▪ | | X | X |
| ▪ PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, | 3 | ▪ | | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Proba escrita | Proba oral | Observación na aula | Traballo individual |
|---|---|---|---|---|---|
| ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes articuladas de maneira clara e a velocidade media. | | | | | |
| ▪ PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe | 3 | ▪ | ▪ | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Proba escrita | Proba oral | Observación na aula | Traballo individual |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto. | | | | | |
| ▪ PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por | 3 | ▪ | ▪ | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Proba escrita | Proba oral | Observación na aula | Traballo individual |
|---|---|---|---|---|---|
| exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade. | | | | | |
| ▪ PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunións de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans. | 2 | ▪ | ▪ | X | X |
| ▪ PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do | 3 | X | ▪ | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Proba escrita | Proba oral | Observación na aula | Traballo individual |
|---|---|---|---|---|---|
| contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.). | | | | | |
| ▪ PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden | 3 | ▪ | ▪ | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | Grao mínimo de consecución | Proba escrita | Proba oral | Observación na aula | Traballo individual |
|---|---|---|---|---|---|
| a avaliar a credibilidade do material. | | | | | |
| PLEB5.5. Coñece algúns aspectos significativos históricos xeográficos e de produción cultural dos países onde se fala a lingua estranxeira, obtendo a información por diferentes medios, entre eles a biblioteca, internet e outras tecnoloxías da información e da comunicación. | X | X | X | X | |
| PLEB5.6. Produce textos orais e escritos en diferentes soportes suficientemente cohesivos, coherentes e adecuados ao propósito comunicativo. | X | X | X | X | X |
| PLEB5.7. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. | X | X | X | X | X |
| PLEB5.8. Realiza actividades de mediación lingüística (reformula o sentido dun texto, oral ou escrito para facelo comprensible a persoas interlocutoras que descoñecen a lingua en que se produce, escribe o resumo dun debate oral ou un artigo lido noutra lingua, fai unha exposición oral a partir de notas, cambia de modalidade semiótica, como do texto ao esquema, etc.). | X | X | X | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | CL | EDE | CA | TIC | EMP |
| --- | --- | --- | --- | --- | --- |
| PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | X | X | X | X | X |

## 7.7 MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Como punto de partida tivemos en conta catro ámbitos de diversidade:

. A capacidade para aprender

Cada alumno/a ten o seu propio ritmo de aprendizaxe. Partimos da base de que todos son capaces de alcanzar un nivel mínimo, sempre que sigan un ritmo sostido de traballo, que pode ser diferente para cada un.

. A motivación para aprender

A motivación do alumno/a para aprender é moi diversa, sobre todo cando se trata dun idioma, xa que depende moito do historial de éxito ou de fracaso que tivese até ese momento. En moitas ocasións, a motivación está directamente condicionada polo ambiente e polo contexto no que os alumnos se desenvolven.

. Os estilos de aprendizaxe

Deseñáronse varios tipos de actividades que dan cabida aos distintos estilos de aprendizaxe, enmarcadas nunha secuencia de estratexias para que desenvolvan a súa autonomía en cada destreza comunicativa. Por iso desde a primeira unidade fomentamos a reflexión dos alumnos/as sobre a súa propia aprendizaxe, para que sexan conscientes do seu progreso e tamén aprendan de xeito máis efectivo; isto implica unha maior motivación e responsabilidade por parte do alumnado.

. Os intereses dos alumnos/as

Está comprobado que os intereses dos alumnos/as se diversifican moito máis en Bacharelato. O seu interese por aprender un idioma varía moito dependendo da súa motivación e/ou necesidade de facelo. Por iso incluímos unha gran variedade de temas, intentando que sexan de interese para a maioría.

Ademais, levouse a cabo unha coidadosa selección de funcións, co fin de que as poidan poñer en práctica nun futuro próximo, tales como as necesarias para responder un test de cultura xeral, manter conversacións informais entre a mocidade, escribir correos electrónicos, entender a xente da súa idade doutros países, etc.

As **tarefas opcionais de ampliación** aumentan o coñecemento dos alumnos respecto do que están a estudar en clase.

Os cadros de ***Fast finishers*** provén de tarefas extra para estudantes que terminan as actividades primeiro. Como tales, axudan á diversidade en clase.

Os deberes conteñen enlaces a tarefas do ***Workbook*** e proporcionan ideas alternativas baseadas en material do ***Student's Book.***

En concreto, no caso do alumnado que presente TDAH, as probas ou exames escritos serán curtos e con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario sinxelo. Tamén se deixará máis tempo para a súa realización, incluso valorando a posibilidade de dividilas en dúas sesións, e sendo flexibles na súa duración.

Todas estas medidas de atención á diversidade serán tidas en conta especialmente co alumnado de 2º de Bacharelato nocturno.

## 7.8. CRITERIOS SOBRE A CUALIFICACIÓN AVALIACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO

### 7.8..1. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Ao rematar este curso os alumnos deberán ser capaces de:

1. Extraer información global e específica de textos orais, emitidos polo profesor, compañeiros, falantes da lingua e medios de comunicación sobre temas relacionados cá realidade cotidiá deles, sobre aspectos culturais e sociais dos países onde se fala inglés e sobre temas relacionados cos seus estudios e intereses.

2. Participar con fluidez e corrección lingüística en intercambios orais, debates ou exposicións sobre temas de interese para os alumnos, relacionados co seu entorno ou con aspectos sociais e culturais dos países de fala inglesa, utilizando as extratexias de comunicación e o tipo de discurso axeitado á situación.

3. Extraer información global e específica de textos de distinto tipo, diferenciando o distinto tipo de texto e utilizando métodos e extratexias adecuados para a súa comprensión.

4. Ler, con axuda de diccionarios, textos literarios e demostrar a súa comprensión

5. Comunicarse por escrito de maneira ordenada coidando a corrección idiomática, a coherencia e a propiedade expresiva.

6. Demostrar con distintas actividades os seus coñecementos do léxico, o seu manexo das estructuras gramaticais máis complexas e das funcións da lingua así como dos recursos lingüísticos e non lingüísticos e condicionantes do contexto socio-cultural que se adapten ás distintas e diversas situacións comunicativas.

### 7.8.2. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Control do traballo diario:

Participación activa do alumno en todas as actividades propostas pola profesora sexan orais ou escritas.

Preguntas e respostas escritas e orais dos temas dados.

Participación na aula.

Cada profesora  na súa aua podferá facer todos os controis que considere necesarios para avaliar os seus alumnos.

Fаránse probas do tipo de selectividade para familiarizarse desde o principio.

Utilizarase o libro dixital con todos os seus recursos.

Nesta etapa e moi importante a composición escrita polo tanto farase moito fincapé neste tipo de traballos.

Fomentarase o uso da lectura extensiva.

### 7.8.3. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O alumnado será cualificado de maneira continua co fin de comprobar o grado de aprendizaxe dos contidos programados.

Ao comezar o curso faremos un "Diagnostic Test" para ter unha idea, aínda que aproximada, do grupo co que imos traballar. Ao final de cada unidade temos un Test que pode servir de autoavaliación para o alumno/a e tamén para o profesor comprobar si se adquiriron os contidos traballados na unidade. Os alumnos poderán ter un exame por unidade con tarefas similares as realizadas na clase ou un exame por avaliación e probas tipo ABAU. Finalmente ó longo do proceso de aprendizaxe o profesor comprobará o traballo persoal e o esforzo por mellorar e incorporar os contidos propios do curso.

Cualificación sobre 100 dos distintos aspectos da lingua:

**Probas tipo acceso á universidade completa (ABAU - 2023) ...….80**

**Personal work .................................... 20** ,distribuídos da seguinte maneira:

Written work (traballo fóra da aula): 10

Classwork (traballo na aula):Sempre ( 5 ); Habitualmente ( 3 ); Case nunca ( 1 ); Nunca ( 0 ).

Uso do inglés: Sempre ( 5 ); Habitualmente ( 3 ); Case nunca ( 1 ); Nunca ( 0 ).

**A nota final do curso será o resultado de calcular  a media aritmética das tres avaliacións parciais.**

O alumnado que non acadase unha puntuación positiva na avaliación final ordinaria de maio de 2023 deberá presentarse á convocatoria extraordinaria en xuño de **2023,**

onde será cualificado sobre un máximo de 100 puntos do seguinte modo:

**Probas tipo acceso á universidade completa (ABAU - 2023) ........................................100**

O alumnado que non acadase unha puntuación positiva  non se considerará apto.

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB1.1. Comprende instrucións, anuncios, declaracións e mensaxes detalladas, dados cara a cara ou por outros medios, sobre temas concretos, en linguaxe estándar e a velocidade normal (por exemplo, declaracións ou mensaxes institucionais). | 3 | ▪ | | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB1.2. Identifica as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais de conversas e debates relativamente extensos e animados entre varias persoas interlocutoras que teñen lugar na súa presenza, sobre temas xerais, de actualidade ou do seu interese, sempre que o discurso estea estruturado e non se faga un uso moi idiomático da lingua. | 3 | ▪ | | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB1.3. Comprende, en debates e conversas informais sobre temas habituais ou do seu interese, a postura ou punto de vista das persoas interlocutoras, así como algúns sentidos implícitos e matices como a ironía ou o humor. | 3 | ▪ | | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB1.4. Comprende, nunha conversa formal na que participa, no ámbito educativo ou ocupacional, información detallada e puntos de vista e opinións sobre temas da súa especialidade e relativos a liñas de actuación e outros procedementos abstractos, sempre que poida confirmar o que o interlocutor quixo dicir e conseguir aclaracións sobre os aspectos ambiguos. | 3 | ▪ | | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB1.5. Comprende a liña argumental, as ideas principais, os detalles relevantes e as implicacións xerais en presentacións, conferencias ou seminarios de certa extensión e complexidade sobre temas educativos ou profesionais da súa área de interese, tanto concretos como abstractos, sempre que haxa marcadores que estruturen | 3 | ▪ | ▪ | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| o discurso e guíen a comprensión. | | | | | | |
| ▪ PLEB1.6. Comprende o contido da información da maioría do material gravado ou retransmitido nos medios de comunicación, relativo a temas de interese persoal, identificando o estado de ánimo, o ton e mesmo o humor do falante, sempre que o discurso estea articulado con claridade, nunha variedade de lingua estándar e a velocidade normal. | 3 | ▪ | ▪ | X | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB2.1. Diferencia adecuadamente a produción do texto oral espontáneo (sintaxe limitada, estratexias de compensación, negociación do significado co interlocutor, etc.) do planificado, e considera as características que este comparte coa lingua escrita (planificación, redundancia informativa, elementos de cohesión, etc.). | 4 | ▪ | | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB2.2. Fai presentacións de certa duración sobre temas do seu interese educativo ou relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento dun experimento científico, ou unha análise de aspectos históricos, sociais ou económicos), cunha estrutura clara que axuda os óintes a fixárense nos aspectos máis importantes, | 3 | ▪ | | X | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| e demostrando seguridade á hora de contestar preguntas do auditorio formuladas con claridade e a velocidade normal. | | | | | | |
| ▪ PLEB2.3. Participa con soltura en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que describe con detalle feitos, experiencias, sentimentos e reaccións, soños, esperanzas e ambicións, e responde adecuadamente aos sentimentos que expresan os seus interlocutores; describe con detalle experiencias persoais e as súas reaccións ante elas; expresa con convicción crenzas, acordos e desacordos, e explica e xustifica de maneira persuasiva as súas opinións | 3 | ▪ | | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| e proxectos. | | | | | | |
| ▪ PLEB 2.4. Toma parte adecuadamente en conversas formais, entrevistas, reunións e debates de carácter educativo ou ocupacional, achegando e pedindo información relevante e detallada sobre aspectos concretos e abstractos de temas cotiáns e menos habituais nestes contextos; explicando os motivos dun problema complexo e pedindo e dando instrucións ou suxestións para resolvelo; desenvolvendo argumentos de forma comprensible e convincente e comentando as | 3 | ▪ | ▪ | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÓN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| contribucións dos interlocutores; opinando e facendo propostas xustificadas sobre futuras actuacións. | | | | | | |
| ▪ PLEB2.5. Participa na interacción verificando a comprensión propia e das demais persoas, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, cun bo grao de fluidez e claridade, malia algúns erros esporádicos. | 3 | ▪ | ▪ | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB2.6. Realiza unha entrevista cun patrón estruturado de preguntas establecido con anterioridade, formulando preguntas complementarias ou respondendo a elas, reaccionando ante unha resposta que non entenda, e interactuando para pedir | 3 | ▪ | | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| repeticións e confirmar a comprensión mutua. | | | | | | |
| ▪ PLEB3.1. Entende detalles relevantes e implicacións de anuncios e material de carácter publicitario sobre asuntos do seu interese persoal (por exemplo, carteis, folletos, pancartas ou grafitti), educativo (por exemplo, carteis científicos) ou profesional (por exemplo, boletíns informativos ou documentos oficiais). | 3 | ▪ | | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB3.2. Comprende a información, a intención e as implicacións de notas e correspondencia persoal en calquera soporte, incluídos foros e blogs, nos que se transmiten e se xustifican de xeito detallado información, ideas e opinións sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e dentro da súa área de interese. | 3 | ▪ | | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB3.3. Comprende instrucións extensas e complexas dentro da súa área de interese ou a súa especialidade, incluíndo detalles sobre condicións e advertencias, sempre que poida volver ler as seccións difíciles (por exemplo, sobre instrumentos de medición ou de procedementos científicos). | 2 | ▪ | | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB3.4. Comprende os detalles relevantes e as implicacións de correspondencia formal de institucións públicas ou entidades privadas como universidades, empresas ou compañías de servizos, sobre temas concretos e abstractos de carácter persoal e educativo, dentro da súa área de interese ou a súa especialidade. | 3 | X | | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB3.5. Entende, en textos de referencia e consulta, en soporte tanto impreso como dixital, información detallada sobre temas da súa especialidade nos ámbitos educativo ou ocupacional, así como información concreta relacionada con cuestións prácticas en textos informativos oficiais, institucionais ou corporativos. | 2 | X | | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB3.6. Comprende a información, as ideas e as opinións implícitas en noticias e artigos xornalísticos e de opinión ben estruturados e de certa lonxitude que tratan dunha variedade de temas de actualidade ou máis especializados, tanto concretos como abstractos, dentro da súa área de interese, e localiza con facilidade detalles relevantes neses textos. | 4 | X | | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB3.7. Comprende os aspectos principais, detalles relevantes, algunhas ideas implícitas e o uso poético da lingua en textos literarios que presenten unha estrutura accesible e unha linguaxe non moi idiomática, e nos que o desenvolvemento do tema ou da historia, os personaxes centrais e as súas relacións, ou o motivo | 2 | X | | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| poético, estean claramente sinalizados con marcadores lingüísticos doadamente recoñecibles. | | | | | | |
| ▪ PLEB4.1. Escribe informes en formato convencional e de estrutura clara relacionados coa súa especialidade (por exemplo, o desenvolvemento e as conclusións dun experimento, sobre un intercambio lingüístico, unhas prácticas ou un traballo de investigación), ou menos habituais (por exemplo, un problema xurdido durante unha estadía no estranxeiro), desenvolvendo un argumento, razoando a favor ou en contra dun punto de vista concreto, explicando as vantaxes e as | 3 | X | ▪ | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| desvantaxes de varias opcións, e achegando conclusións xustificadas. | | | | | | |
| ▪ PLEB4.2. Describe un tema, un texto, un suceso ou un evento dando unha idea xeral que permita recoñecelo con claridade, explicando as súas partes ou circunstancias, e ofrecendo unha opinión persoal argumentada. | 4 | X | ▪ | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB4.3. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para matricularse nunha universidade, solicitar un traballo, abrir unha conta bancaria ou tramitar un visado). | 4 | ▪ | ▪ | X | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB4.4. Escribe, en calquera soporte ou formato, un currículo detallado, xunto cunha carta de motivación (por exemplo, para ingresar nunha universidade estranxeira, ou presentarse como candidato/a a un posto de traballo). | 3 | X | ▪ | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB4.5. Toma notas co suficiente detalle durante unha conferencia, unha charla ou un seminario, e elabora un resumo con información relevante e as conclusións adecuadas, sempre que o tema estea relacionado coa súa especialidade e o discurso estea ben estruturado. | 3 | ▪ | ▪ | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB4.6. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios, en calquera soporte, nos que transmite e solicita información detallada, explicacións, reaccións e opinións sobre temas persoais, educativo ou ocupacionais, respectando as convencións e as normas de cortesía. | 3 | ▪ | ▪ | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB4.7. Escribe correspondencia persoal, en calquera soporte, e comunícase con seguridade en foros e blogs, transmitindo emoción, resaltando a importancia persoal de feitos e experiencias, e comentando de maneira persoal e detallada as noticias e os puntos de vista das persoas ás que se dirixe. | 4 | X | ▪ | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB4.8. Escribe, en calquera soporte, cartas formais de carácter educativo ou profesional dirixidas a institucións públicas ou privadas e a empresas, nas que dá e solicita información, describe a súa traxectoria educativa ou profesional e as súas competencias, e explica e xustifica co suficiente detalle os motivos das súas accións e dos seus plans (por exemplo, carta de motivación para matricularse nunha universidade estranxeira, ou para solicitar un posto de traballo), respectando as convencións formais e de cortesía propias deste tipo de textos. | 3 | X | ▪ | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB5.1. Comprende e faise comprender con certa confianza e fluidez en situacións de comunicación informais e formais habituais, con matices como a ironía e o humor, sempre que as persoas interlocutoras pronuncien con claridade e eviten un uso moi idiomático. | 3 | X | | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB5.2. Relaciónase oralmente e por escrito comunicando con eficacia información, noticias, ideas e puntos de vista sobre temas tanto abstractos como concretos; ou solicitando ou transmitindo información relacionada con servizos ou outros ámbitos das relacións sociais, adaptando a súa expresión e os medios de expresalo á situación de comunicación. | 3 | X | | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB5.3. Intervén oralmente con distintos propósitos comunicativos, con eficacia intercultural. | 3 | ▪ | | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB 5.4. Entende os detalles do que se lle di en transaccións e xestións que xorden mentres viaxa, organiza a viaxe ou trata coas autoridades, así como en situacións menos habituais en hoteis, tendas, axencias de viaxes, centros de saúde, traballo ou estudos (por exemplo, para recibir asistencia sanitaria como turista ou como residente, cambiar unha reserva de hotel, anular billetes ou cambiar un artigo defectuoso), sempre que poida pedir confirmación. | 3 | ▪ | ▪ | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB5.5. Desenvólvese con seguridade en transaccións e xestións cotiás e menos habituais, cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, solicitando información detallada, ofrecendo explicacións claras e detalladas, e desenvolvendo a súa argumentación de xeito satisfactorio na resolución dos problemas que xurdan. | ▪ | ▪ | ▪ | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB5.6. Exprésase oralmente e por escrito, en diferentes soportes, con certa densidade léxica, evitando repeticións innecesarias co uso de sinónimos e palabras de significado próximo, e recoñece un léxico máis especializado se conta con apoio visual ou contextual. | 2 | X | | X | X | ▪ |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| ▪ PLEB5.7. Comprende textos extensos en lingua estándar transmitidos por canles, entendendo (aínda que non os comparta) os matices de sentido e de opinión ante puntos de vista e posturas concretas e actitudes que responden a crenzas, costumes e valores propios da cultura da lingua meta. | 2 | X | | X | ▪ | ▪ |
| ▪ PLEB5.8. Explica valores e comportamentos propios dunha cultura a membros doutra diferente, consciente da importancia desta actividade de mediación intercultural. | 3 | X | X | X | X | ▪ |
| ▪ PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos | 3 | ▪ | X | X | X | X |

| Estándares de aprendizaxe | GRAO MÍNIMO | PROBA ESCRITA | PROBA ORAL | OBSERVACIÖN NA AULA | TRABALLO INDIVIDUAL | TRABALLO EN GRUPO |
|---|---|---|---|---|---|---|
| transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | | | | | | |

**Grao de consecución dos estándares de aprendizaxe**

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1 | Medio-baixo | 2 | Medio | 3 | Medio-alto | 4 | alto |

## 8. SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

De acordo co previsto na Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (BOE do 10), o dominio dunha segunda e mesmo dunha terceira lingua extranxeira converteuse nunha prioridade na educación: o alumnado debe poder desenvolverse con fluidez polo menos nunha primeira lingua estranxeira. Polo tanto, na ESO e no bacharelato (nas tres modalidadse: de ciencias, de humanidades e ciencias sociais e de artes), a primeira lingua estranxeira é unha materia xeral

troncal –que o alumnado debe cursar obrigatoriamente–, mentres a segunda lingua estranxeira é unha materia do bloque das específicas con dúas horas á semana nos cursos de 1º e 2º da ESO e tres horas á semana em 3º e 4º da ESO e que o alumnado pode elixir entre outras moitas materias que se poden ofrecer.

### 8.1. MATERIAIS CURRICULARES

## ESO

Os materiais de traballo para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria que cursan Inglés como segunda lingua son os mesmos que para o Inglés como primeira lingua. Tamén os obxectivos e os contidos son os mesmos adaptándoos, se for preciso, ás características que presentan estes grupos

Avaliación inicial: 3 de outubro ( 1º e 2º ESO)

5 de outubro ( 3º e 4º ESO)

Primeira avaliación: 8 de setembro - 22 de decembro

Segunda avaliación: 9 de xaneiro – 20 / 22 de marzo

Terceira avaliación: 21 / 23 de marzo – finais de maio

En 1º e 2º da ESO estudiaránse as 6 primeiras unidades do libro.

Unidades 1 e 2: Primeiro trimestre

Unidades 3 e 4: Segundo trimestre

Unidades 5 e 6: Terceiro trimestre.

En 3º e  4º da ESO, estudiaránse todas as unidades.

Unidades 1,2 e 3: Primeiro trimestre

Unidades  4:,5 e 6: Segundo trimestre

Unidades 7 e 8: Terceiro trimestre.

**8. 2.  CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

**ESO:** Na materia  de Inglés como Segunda Lingua Estranxeira os criterios de cualificación serán os mesmos que os de Inglés como Primeira Lingua, en todos os cursos da ESO.

**9. ESA (EDUCACIÓN SECUNDARIA DE ADULTOS)**

O ámbito de comunicación, que inclúe os aspectos básicos do currículo das materias lingua galega e literatura, lingua castelá e literatura e lingua estranxeira, presenta unha proposta integrada co obxecto de favorecer un tratamento metodolóxico conxunto de orientación comunicativa entre as diversas linguas. O obxectivo fundamental é desenvolver as competencias comunicativas das persoas adultas coa finalidade de posibilitarlles unha inserción activa e responsable na sociedade e, asemade, contribuír ao seu desenvolvemento persoal.

Neste ámbito preséntase un estudo coordinado das dúas linguas oficiais para conseguir unha competencia plena en ambas as dúas, favorecer unha actitude positiva cara a elas, tendo en conta a situación social de minorización social da lingua propia, e economizar esforzos no proceso de ensino-aprendizaxe.

Existe unha serie de contidos que son transferibles entre as materias que integran a ámbito como son os aspectos relacionados coa competencia pragmática, a competencia textual, a construción de conceptos sobre o funcionamento das linguas ou o desenvolvemento de actitudes positivas. Cómpre non esquecer, porén, a existencia de aspectos específicos de cada unha delas, dado que o obxectivo final é acadar a competencia lingüística do alumnado en ambas as dúas.

(A temporalización dos contidos dependerá en gran medida do ritmo de aprendizaxe dos distintos grupos).

ÁMBITO DE COMUNICACIÓN **NIVEL I MÓDULO 1**
Lingua estranxeira: **INGLÉS**

**Materiais Curriculares**

Usarase o material dispoñible na páxina web da Consellería de Educación.

**Temporalización:**

Primeira avaliación: 12 de setembro 2022 - 15 de novembro 2022, unidades 1 e 2.
Segunda avaliación: 16 de novembro 2022 – febreiro 2023 , unidades 3 e 4.

| **BLOQUE 1. COMPRENSIÓN ORAL** | | | |
|---|---|---|---|
| **OBXECTIVOS** | **CONTIDOS** | **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** |
| | | | |
| a<br>b<br>c<br>e<br>f<br>g<br>i<br>n | **B1.1 Estratexias de comprensión.**<br>– Identificación do tipo textual, adaptando a súa comprensión ao mesmo.<br>– Uso do contexto verbal e non verbal e dos coñecementos previos sobre a situación que dan lugar a inferencias do significado | B1.1. **Coñecer e saber aplicar as estratexias** básicas máis axeitadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto: anticipación do contido xeral do que se escoita coa axuda de elementos verbais e non verbais e | B1.1.1. **Aplica as estratexias** de escoita activa para a comprensión (global ou específica) das mensaxes recibidas, sen necesidade de entender todos os elementos das mesmas. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | baseadas no contexto.<br>– Uso dos coñecementos referenciais sobre o tema.<br>– Identificación de palabras chave.<br>– Adaptación da escoita á súa finalidade (global e/ou específica).<br>– Identificación dos recursos lingüísticos ou temáticos adquiridos<br>. – Inferencia do significado probable das palabras ou das frases que descoñece<br>. – Perseveranza no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición ou reformulacións do dito.<br><br>**B1.2 Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.**<br>– Recoñecemento de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>– Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, | uso dos coñecementos previos sobre a situación (quen fala a quen, con que intencións, onde e cando) que dan lugar a inferencias do significado baseadas no contexto.<br><br>**B1.2. Identificar** o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais moi breves e sinxelos nun rexistro estándar e informal, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, articulados con claridade e a velocidade lenta e transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, sobre temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles ou relativos a áreas de necesidade inmediata nos ámbitos persoal, público e educativo e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, sempre que as condicións acústicas sexan boas e non distorsionen a mensaxe, se poida volver escoitar o dito ou | **B1.2.1 Comprende** mensaxes orais breves e instrucións relacionadas coa actividade da aula.<br>**B1.2.2** Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios ou datas nunha estación ou nuns grandes almacéns).<br>**B1.2.3** Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos, saúdos e presentacións).<br>**B1.2.4** Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (saúdos e presentacións, diálogos en lugares públicos: oficinas de información, comercios, restaurantes, farmacias e hospitais, estacións ou aeroportos).<br>**B1.2.5** Entende a información esencial en conversas breves e |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.<br><br>**B1.3 Funcións comunicativas.** Comprensión de textos orais onde aparezan as seguintes funcións comunicativas:<br>-Saúdos e presentacións, desculpas e agradecementos e invitacións.<br>-Expresión de información persoal e gustos.<br>-Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos e hábitos.<br>-Narración de feitos presentes.<br>-Petición e ofrecemento de | pedir confirmación e se conte con apoio visual ou cunha clara referencia contextual.<br><br>**B1.3 Incorporar** á comprensión do texto os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia | sinxelas nas que participa que traten sobre a súa contorna persoal: a familia, os amigos, o traballo, o tempo libre, a descrición de obxectos e lugares.<br>**B1.2.6 Comprende as ideas principais** de presentacións e proxectos (en formato papel ou dixital) sinxelos e ben estruturados sobre temas familiares ou do seu interese (p. e. lecer, familia, fogar, deporte, etc.) e sobre aspectos socioculturais dos países nos que se fala a lingua estranxeira, a condición de que conten con imaxes e ilustracións e se fale de xeito lento e claro.<br>**B1.3.** Na propia lingua, **identifica aspectos** socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | información, de permiso e de axuda.<br>-Indicación de instrucións<br><br>**B1.4 Estruturas sintácticodiscursivas.**<br>- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa (because).<br>- Relacións temporais (when; before; after).<br>- Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag))<br>- Negación (negative sentences with not, never, no (Adj.); No (+ negative tag)).<br>- Interrogación (Wh- questions; Aux. questions).<br>- Expresión do tempo: presente (simple present)<br>- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. always, everyday)).<br>- Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); permiso (can); obriga ( imperative);<br>- Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, | cultura.<br>**B1.4 Distinguir a función ou funcións** comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información ou unha orde) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche da conversa, ou os puntos dunha narración esquemática) | **B1.4. Identifica un repertorio** limitado dos expoñentes máis comúns propios do seu nivel e dos patróns discursivos básicos para entender as funcións comunicativas das mensaxes orais directas ou recibidas mediante for mato electrónico. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | demonstratives); a calidade ((very +) Adj.).<br>- Expresión de posesión (have got, possessive adjectives, possessive ‘s).<br>- Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits)<br>- Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement).<br>- Expresión do tempo (points (e. g. quarter past five); divisions (e. g. half an hour, summer), and indications (e. g. now, tomorrow morning) of time; anteriority (before); posteriority (after); sequence (first…then); simultaneousness (at the same time); frequency (e. g. sometimes, on Sundays)).<br>- Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well). | **B1.5. Recoñece**r os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral (p. e. estrutura interrogativa para demandar información).<br><br>**B1.6. Recoñecer** un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses.<br>**B1.7 Discriminar** patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos de uso común, e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados cos mesmos. | **B1.5. Recoñece e comprende** as estruturas morfosintácticas básicas en oracións sinxelas de situacións habituais e de contido predicible asociadas ás funcións comunicativas propias do seu nivel.<br><br>**B1.6. Recoñece** un vocabulario oral básico e suficiente para comprender textos sinxelos propios do seu nivel educativo.<br>**B1.7Identifica** patróns fonéticos e de entoación moi básicos e evidentes que axudan a entender o sentido xeral da mensaxe. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | **B1.5**. **Léxico oral** moi básico de uso común (recepción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorna persoal; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación.<br><br>**B1.6. Recoñecemento** de patróns sonoros e acentuais moi básicos de palabras e do ritmo e a entoación de frases. | | |

**Nivel 1 – Módulo 1**
**BLOQUE 2. EXPRESIÓN ORAL**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETEN CIAS CLAVE |
|---|---|---|---|---|

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| a<br>b<br>c<br>e<br>f<br>g<br>i<br>n | **B2.1. Estratexias de produción**<br>- Expresión da mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa apropiadamente e adecuando o texto ao destinatario, ao contexto e á canle. - Activación dos coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción (segundo o tipo de situación de comunicación: chegada e saída do centro docente, conversa telefónica, compra-venda, e outras igualmente cotiás e básicas) ou sobre elementos lingüísticos previamente asimilados.<br>- Compensación das carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e paralingüísticos.<br><br>**B2.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos.**<br>– Uso de convencións sociais básicas, normas de cortesía e rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira.<br>– Achegamento cunha actitude receptiva e respectuosa a algúns aspectos culturais visibles, establecendo similitudes e diferenzas entre a lingua estranxeira e a propia: hábitos, horarios, actividades ou celebracións; condicións de vida; | **B2.1. Coñecer** e saber aplicar as estratexias básicas máis axeitadas para producir textos orais moi breves e sinxelos, empregando p. e., fórmulas e linguaxe "prefabricada" ou expresións memorizadas, ou apoiando con acenos o que se quere expresar.<br><br>**B2.2. Producir** textos monolóxicos moi breves e doados sobre temas cotiáns ou do seu interese e sobre aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira e participar de xeito simple e comprensible, en conversacións moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos e | **B2.1.1. Emprega** estratexias de comunicación básicas para producir textos orais breves e para participar en conversas, amosando interese e comprensión e empregando estratexias de compensación para suplir as carencias na lingua estranxeira.<br><br>**B2.2.1 Realiza** presentacións e proxectos breves e sinxelos, previamente preparados e ensaiados, de acordo cun guión sinxelo e con apoio visual (en formato dixital ou papel), sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar | • CCL<br>• CAA<br>• CSC<br>• CCEC<br>• CD |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | relacións interpersoais; música, comida, lecer, deportes e lugares; costumes e valores, a través de producións multimedia e de manifestacións artísticas dos países onde se fale a lingua estranxeira.<br><br>**B2.3. Funcións comunicativas.**<br>Produción de textos orais onde aparezan as seguintes funcións comunicativas:<br>-Saúdos e presentacións, desculpas e agradecementos e invitacións.<br>-Expresión de información persoal e gustos.<br>-Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos e hábitos.<br>-Narración de feitos presentes.<br>-Petición e ofrecemento de información, de permiso e de axuda. -Indicación de instrucións.<br><br>**B2.4. Estruturas sintácticodiscursivas** | opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e vacilacións e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación do interlocutor para manter a comunicación.<br><br>**B2.3. Incorporar** á produción do texto oral monolóxico ou dialóxico os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos básicos adquiridos sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades, celebracións), as condicións de vida (vivenda, contorna), as relacións interpersoais (familiares, de amizade, académicas), o comportamento (xestos habituais, uso da voz, contacto físico) e as convencións | información básica sobre si mesmo, a súa familia, o seu traballo, a súa vida académica e a súa contorna; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de xeito sinxelo a súa casa, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa ou dun obxecto; presentar un tema que lle interese, dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) ou sobre aspectos socioculturais básicos dos países da lingua estranxeira, usando estruturas sinxelas e básicas.<br>**B2.2.2 Desenvólvese** en accións comunicativas cotiás básicas (p. e. saudar e dar información persoal, comprar ou comer nun restaurante, pedir menciñas na farmacia, dicir no hospital o que lle doe, rexistrarse nun hotel, | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | - Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa (because).<br>- Relacións temporais (when; before; after).<br>- Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag))<br>- Negación (negative sentences with not, never, no (Adj.); No (+ negative tag)).<br>- Interrogación (Wh- questions; Aux. questions).<br>- Expresión do tempo: presente (simple present)<br>- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. always, everyday)).<br>- Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); permiso (can); obriga ( imperative);<br>- Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade ((very +) Adj.).<br>- Expresión de posesión (have got, possessive adjectives, possessive 's).<br>- Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits)<br>- Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, | sociais (normas de cortesía, costumes e tradicións) dos países onde se fala a lingua estranxeira, respectando as convencións comunicativas máis elementais e identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos devanditos países e da propia cultura.<br><br>**B2.4. Levar a cabo as funcións** demandadas polo propósito comunicativo (p. e. unha felicitación, un intercambio de información ou un ofrecemento), empregando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis comúns e habituais, así como dos patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche da conversa, ou os puntos dunha narración esquemática). | comprar un billete de metro…).<br>**B2.2.3 Participa** en entrevistas e en conversacións cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, videoconferencia) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiáns, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, se queda con amigos ou se dan instrucións)<br>**B2.3.1** Na propia lingua, **identifica** aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | motion, direction, origin and arrangement).<br> - Expresión do tempo (points (e. g. quarter past five); divisions (e. g. half an hour, summer), and indications (e. g. now, tomorrow morning) of time; anteriority (before); posteriority (after); sequence (first…then); simultaneousness (at the same time); frequency (e. g. sometimes, on Sundays)).<br> - Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well).<br><br>**B2.5. Léxico oral** moi básico de uso común (produción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorna persoal; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación.<br><br>**B2.6. Patróns sonoros**, acentuais, rítmicos e de entoación moi básicos. - Uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e | **B2.5. Mostrar** control sobre estruturas sintácticas básicas (p. e., enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como "e", "entón", "mais" ou "porque"), aínda que se sigan cometendo erros básicos de xeito sistemático, p. e., nos tempos verbais ou na concordancia.<br><br>**B2.6. Coñecer e utilizar** un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.<br><br>**B2.7. Articular**, de xeito comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras | alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.<br><br>**B2.4.1 Emprega** un repertorio limitado dos expoñentes máis comúns e habituais propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas demandadas, así como os patróns discursivos básicos máis frecuentes para o propósito comunicativo. | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | frases. Pronunciación e entoación aceptables, con clara influencia da lingua materna, que aínda contendo erros e imprecisións, non impidan a comunicación ou a comprensión, en interaccións orais, dramatizacións e lectura en voz alta. | linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo. | **B2.5.1 Comunica** con eficacia, empregando adecuadamente estruturas morfosintácticas básicas e de escasa complexidade para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.<br><br>**B2.6.1 Emprega** un vocabulario oral básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.<br><br>**B2.7.1 Exprésase** con certa claridade, aínda que con clara influencia da lingua materna, usando unha entoación e pronuncia | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | comprensible, aceptándose as pausas e vacilacións frecuentes. | |

**Nivel 1 – Módulo 1**
**BLOQUE 3. COMPRENSIÓN ESCRITA**

| OBXECTIVOS | CONTIDOS | CRITERIOS DE AVALIACIÓN | ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE | COMPETENCIAS CLAVE |
| | **B4.3. Funcións comunicativas**.<br>Produción de textos escritos onde aparezan as seguintes funcións comunicativas:<br>-- Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais.<br>- Descrición de calidades físicas e abstractas de persoas, obxectos, lugares e actividades.<br>- Narración de acontecementos pasados puntuais e habituais, descrición de estados e situacións presentes e expresión de sucesos futuros.<br>- Petición e ofrecemento de información, indicacións, opinións e puntos de vista, consellos, advertencias e avisos. - Expresión do coñecemento, a certeza, a dúbida e a conxectura. - Expresión da vontade, a intención, a decisión, a promesa, a orde, a autorización e a prohibición. - Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a simpatía, a satisfacción e os seus contrarios. - Formulación de suxestións e desexos. - Establecemento e mantemento da comunicación e organización do discurso.<br><br>**B4.4. Estruturas sintácticodiscursivas**<br>Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and, also too); disxunción (or); oposición/concesión ((not…) but;); causa (because (of); as); finalidade (to- infinitive); comparación (as/not so Adj. as; less/more + Adj./Adv. (than);the highest in the | (xestos, expresións faciais, uso da voz, contacto visual), e convencións sociais (costumes, tradicións)así como os aspectos culturais xerais que permitan comprender información e ideas presentes no texto,identificando diferenzas e semellanzas nos aspectos culturais máis visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira e da propia cultura, e coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, e amosar curiosidade e respecto ante as diferenzas.<br><br>B4.4 Levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, empregando os expoñentes máis comúns das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis frecuente para organizar o texto de xeito sinxelo. | interese e sobre actividades e experiencias pasadas (p. e. sobre unha viaxe, un acontecemento importante.<br><br>**B4.3.1 Recoñece** os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establece relación entre aspectos da propia cultura e da allea, comparándoas e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.<br><br>**B4.4.1 Usa os exponentes** máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | world); resultado (so; so that); .<br>- Afirmación (affirmative sentences; tags; Me too; Think/Hope so).<br>- Exclamación (What + (Adj. +) noun, e. g. What beautiful horses!; exclamatory sentences and phrases, e. g. Hey, that's my bike!).<br>- Negación (negative sentences with not, never, no (Adj.), nobody, nothing; negative tags).<br>- Interrogación (Wh- questions; Aux. Questions; What is the book about?; tags).<br>- Expresión do tempo: pasado (past simple and continuous); presente (simple and continuous present); futuro (going to; will; present simple and continuous).<br>- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past simple;); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. every Sunday morning)<br>- Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can); posibilidade/probabilidade (may; perhaps); necesidade (must; need; have (got) to); obriga (have (got) to; must; imperative); permiso (may; could ;); intención (present continuous).<br>- Expresión da entidade (count/uncount nouns; pronouns (relative, reflexive/ one(s); determiners);<br>- Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal and ordinal numerals. Quantity: e. g. lots (of). Degree: e.g. absolutely;a (little)bit).<br>- Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, | **B4.5. Mostrar control** sobre un repertorio limitado de estruturas sintácticas de uso habitual.<br><br>**B4.6. Coñecer e utilizar** un | **B4.5.1 Comunica** con eficacia, empregando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | origin and arrangement).<br>- Expresión do tempo (points (e. g. at midnight), divisions (e. g. term), and indications (ago; early; late) of time; duration (from…to; during; until;) anteriority,  posteriority (before,afterwards; later); sequence (first, second, after that, finally); simultaneousness (just when); frequency (e. g. twice/four times a week; daily)).<br>- Expresión do modo (Adv. and phrases of manner, e. g. carefully; in a hurry.<br><br>**B4.5. Léxico escrito** de uso común (produción) relativo á identificación persoal; vivenda, fogar e contorna persoal; actividades da vida diaria; familia e amigos; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos;  educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación.<br><br>**B4.6. Patróns gráficos** e convencións ortográficas: -Corrección progresiva na ortografía e na puntuación e coidado na presentación dos textos. -Valoración da súa importancia na comunicación escrita. | repertorio léxico oral suficiente para comunicar información en situacións cotiás e habituais.<br>**B4.7. Utilizar** as principais convencións de formato, ortográficas, tipográficas e de puntuación, e de uso de maiúsculas ou minúsculas, así como abreviaturas e símbolos de uso común; saber manexar os recursos básicos de procesamento de textos para corrixir os erros ortográficos dos textos que se producen en formato electrónico e adaptarse ás convencións comúns da escritura de textos en internet ou en chats telefónicos. | **B4.6.1 Emprega** un vocabulario escrito básico e suficiente para producir textos sinxelos propios do seu nivel educativo.<br><br>**B4.7.1 Produce textos** escritos breves en diferentes soportes con posibles erros ortográficos e de puntuación que non impidan a comprensión e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos. |

**Criterios de cualificación: Módulo 4**

No Módulo de Comunicación o alumnado vai ser cualificado conxuntamente de lingua inglesa, lingua galega e lingua castelá. A nota de inglés representa un 30% da nota total e en ningún caso é independente. Os diferentes departamentos consensuamos un 10% como a puntuación mínima que un alumno debe obter para poder facerlle a media ponderada.

Neste 4º módulo, o alumnado de inglés ten 2 períodos lectivos de 45 minutos á semana e 2 avaliacións ordinarias por cuadrimestre.
Vanse traballar todas as destrezas na aula, pero ésta vai ser a maneira de poder valorar ao alumnado dunha maneira obxectiva, dadas as súas características.

O alumnado vai ser cualificado cun máximo de 100 puntos da seguinte maneira:

Grammar ….......................40
Vocabulary …………..… 40

Written work,Class work and Use of English ....................... 20 ,distribuídos da seguinte maneira:

Written work (traballo fóra da aula): Sempre ( 8 ) ; Case sempre ( 6 ); Algunhas veces ( 4 ); Case nunca ( 2 ).

Classwork (traballo na aula): Sempre ( 6 ); Habitualmente ( 4 ); Case nunca ( 2 ).

Uso do inglés: Sempre ( 6 ); Habitualmente ( 4 ); Case nunca ( 2 ).

**A nota final do curso será o resultado de valorar cada avaliación como segue:**

**1ª avaliación......................50%**

**2ª avaliación …................50%**

Os alumnos que non amosen aptitude positiva na convocatoria ordinaria final poden tentalo de novo na convocatoria extraordinaria:
Esta convocatoria extraordinaria constará dunha única proba global. A proba consistirá dun exame de toda a materia como se especifica nesta programación, dividida cunha **puntuación máxima de 100 puntos** nas seguintes seccións:

Grammar …................... 50
Vocabulary ……………..… 50

## Módulo 4

## Contidos mínimos esixibles por unidades

### UNIDADE 13

O presente dos verbos to be, have got, there is /are e presente simple. Se necesita máis práctica: parte gramatical do anexo 9 (to be, have got, there is/are) e do anexo 10 para o presente simple.

Vocabulario de traballos.

Presente continuo e presente simple versus presente continuo. Se necesita máis práctica, realice a parte gramatical da segunda parte do anexo 10 para o presente continuo e a primeira parte do anexo gramatical 11 para a distinción entre presente continuo e simple.

Vocabulario relacionado cun curriculum vitae e cunha carta de presentación.

**UNIDADE 14**

O pasado simple do verbo To be, there was / there were e o pasado simple dos demais verbos. Se precisa máis práctica, faga os exercicios do anexo 12 do módulo 3.

Vocabulario da rutina diaria para falar do pasado.

O pasado continuo e mais o contraste do pasado simple co pasado continuo.

Adxectivos para a descrición física.

**UNIDADE 15**

O grao comparativo e superlativo dos adxectivos.

Vocabulario da vestimenta e accesorios.

Os verbos modais.

Vocabulario de enfermidades.

**UNIDADE 16**

Distintas formas de expresar o futuro en inglés.

Vocabulario relacionado con viaxar.

O contraste no uso de be going to / will / present continuous.

Vocabulario: viaxar en avión.

## 10. ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO.

A superación da materia de segundo curso de lingua inglesa estará condicionada á superación da correspondente materia de primeiro curso, por implicar continuidade. Non obstante, o alumnado poderá matricularse da materia de segundo curso sen cursar a correspondente materia de primeiro curso, sempre que o profesorado que a imparta considere que o alumno ou a alumna reúnen as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de segundo. En caso contrario, deberase cursar a materia de primeiro curso, que terá a consideración de materia pendente, aínda que non será computable para os efectos de modificar as condicións en que se terá promoción a segundo.

Ísto ven máis ampliado no apartado 16 desta Programación: (...Entendemos que se o alumnado con a materia pendente supera positivamente as dúas primeiras avaliacións do nivel que cursa este ano, supera tamén a materia do ano anterior toda vez que o departamento segue as directrices dunha avaliación continua non só formativa mais tamén sumativa. O alumnado que non recupere a materia do ano anterior deste xeito, terá unha convocatoria extraordinaria no mes de maio (abril no caso dos alumnos de 2º de Bacharelato) convocada pola Xefatura de Estudos....).

Así se realizará tamén co alumnado que está matriculado en Inglés no 2º curso de Bacharelato e que cursou Inglés coma segunda lingua estranxeira no 1º curso de Bacharelato.

## 11. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

Á hora de planificar as medidas de atención á diversidade e inclusión temos que recoller, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo debe coñecerse a relativa a:

Descrición do grupo:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ó desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puideran identificar; convén pensar nesta fase en cómo se poden abordar *(planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).*
- Os aspectos que se deben ter en conta ao agrupar aos alumnos e ás alumnas para os traballos cooperativos.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar ao nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

Esta información obterase mediante a observación do grupo durante as primeiras semanas de clase.

A avaliación inicial facilítanos non só o coñecemento acerca do grupo como conxunto, senón que tamén nos proporciona información acerca de diversos aspectos individuais dos estudantes:

Necesidades individuais

- Identificar ós alumnos ou ás alumnas que necesitan un maior seguimento ou personalización de estratexias no seu proceso de aprendizaxe.
- Saber as medidas organizativas a adoptar.

**12 . ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES**

A principios de curso teremos unha reunión con todo o alumnado que teña pendente a materia de Inglés do curso anterior para explicarlles o plan de recuperación da materia. Os seus profesores do curso de referencia prestaranlles unha atención máis individualizada e proporcionaranlles actividades de reforzo que os axuden a recuperar cando menos os mínimos esixibles en cada nivel. Entendemos que se o alumnado con a materia pendente supera positivamente as dúas primeiras avaliacións do nivel que cursa este ano, supera tamén a materia do ano anterior toda vez que o departamento segue as directrices dunha avaliación continua non só formativa mais tamén sumativa. O alumnado que non recupere a materia do ano anterior deste xeito, terá unha convocatoria extraordinaria no mes de maio (abril no caso dos alumnos de 2º de Bacharelato) convocada pola Xefatura de Estudos. Examinaranse da materia dada no curso anterior e ademais do exame, terase en conta o esforzo e o interese por mellorar do que informará o profesor/a do seu curso de referencia ata un máximo dun 10% do total como se describe no epígrafe Attitude e Classwork nos criterios de avaliación. Os modelos de probas para os exames de pendentes han ser iguais que os modelos para os exames finais das convocatorias oficiais. Así mesmo os criterios de avaliación, criterios de cualificación e mínimos esixibles para os diferentes niveis serán os mesmos que se recollen nesta programación en cada nivel.

Así se realizará tamén co alumnado que está matriculado en Inglés no 2º curso de Bacharelato e que cursou Inglés coma segunda lingua estranxeira no 1º curso de Bacharelato.

## 13. PLAN DE ATENCIÓN AO ALUMNADO REPETIDOR

Tendo en conta a característica máis usual de este tipo de alumnado (desmotivado, usualmente disruptivo e sen interés algún por ningunha materia, o noso departamento incluirá as seguintes medidas a tomar:

- As primeiras semanas do curso , o profesor fará un diagnóstico das deficiencias do alumnado. En algúns casos son alumnos repetidores pero aprobaran esta materia o curso anterior. Por iso hai que diferenciar os alumnos repetidores coa asignatura superada e os que no lograron superala.
- Para aqueles alumnos que a superaran , o tratamento será o mesmo que para o resto do grupo. Para aqueles que non a superaron, cada profesor fará un diagnóstico exhaustivo das causas da súa repetición, mediante probas escritas e orais.

  Aqueles alumnos que o precisen serán tratados dun xeito especial según sexan as súas necesidades. Farase un seguimento especial destes alumnos.

## 14. CONTRIBUCIÓN AO PLAN LECTOR

O departamento de inglés pode incluír dentro da súa programación para a ESO a lectura de contos breves, adaptados ao seu nivel, que veñen acompañados dun audio CD para ao mesmo tempo mellorar a comprensión auditiva e a súa pronunciación.

Ao longo do curso e dentro da programación tamén se traballan distintas estratexias de lectura como tamén se proxectan cortos e anacos de películas e/ou debuxos de animación de fala inglesa en todos os niveis. Así mesmo, incentivaremos o uso da biblioteca do centro e o préstamo de libros.

Neste curso, dadas as circunstancias impostas pola COVID-19, non dispoñemos de aulas-materia, coma viña sendo o caso nestes últimos anos. Tamén tivemos que prescindir do espazo do Departamento de Inglés. Por esta razón, a finais do curso pasado foron trasladados á biblioteca unha gran selección de libros en lingua inglesa , polo que o alumnado ten agora acceso a un maior fondo bibliográfico.

## 15. CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC

A maioría do alumnado dispón de ordenador na súa casa e, para aqueles que non o teñan, o centro dispon de tres ordenadores na biblioteca con acceso a internet para o seu uso . Ademais no centro hai dúas aulas de informática.

Os profesores fomentaremos o uso destas novas tecnoloxías animando ao alumnado a utilizar todo o material audiovisual que acompaña os seus libros de texto, así como a utilizar as páxinas web que as editoriais poñen a disposición dos alumnos/as con actividades que poden servir como actividades de reforzo ou de repaso, levadas a cabo dunha maneira lúdica e nun soporte moi familiar para eles.

Por outra banda cabe subliñar que as actividades complementarias que organiza este departamento están moi ligadas ao uso das novas tecnoloxías

Á parte do uso do libro, que oferta todo tipo de actividades (videos,,actividades lúdicas, lecturas, “listening”...,), o uso de internet é necesario para buscar información sobre os temas de redacción propostos, para a proba oral, para a proxección dalgunha película, canción, video cultural etc.

| | |
|---|---|
| **Obxectivos:** | ▪ Favorecer a aprendizaxe da lingua estranxeira.<br>▪ Adquirir habilidades tecnolóxicas e comunicativas.<br>▪ Facilitar o acceso á información en soporte dixital.<br>▪ Investigar e contrastar información.<br>▪ Facer un uso axeitado de Internet e das redes sociais.<br>▪ Uso de redes sociais, correo electrónico, mensaxes, etc.<br>▪ Crear documentos en formato dixital.<br>▪ Descargar e compartir recursos.<br>▪ Outros. |
| **Recursos:** | ▪ Conexión a Internet<br>▪ Sala de informática<br>▪ Ordenadores, *netbooks*, portátiles<br>▪ Encerado dixital<br>▪ Outros. |
| **Programas / Aplicacións:** | ▪ Páxinas web<br>▪ Wikis<br>▪ Procesadores de texto<br>▪ Ebooks<br>▪ Blogs<br>▪ *Skype*<br>▪ *Google sites*<br>▪ Redes sociais<br>▪ Outros |

## 16. CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

O feito de que a práctica mesma da aula reproduza de forma continua temas e vivencias do mundo exterior ofrécelle ao profesorado a posibilidade de incorporar o tratamento xeral dos temas transversais no propio ritmo da clase e de facelos emanar de forma natural das actividades lingüísticas que se desenvolven día a día, de tal xeito que non supoñan para o profesor/a unha actividade illada e sen coherencia didáctica. Temas como a igualdade de oportunidades entrámbolos sexos, a educación moral e cívica, a educación viaria e a educación para o consumo (todos eles cun forte compoñente actitudinal) merecen un tratamento específico dende esta área debido á súa relación máis directa coa lingua. Neste senso, a reflexión e a corrección dos usos discriminatorios da lingua convén que se traten na aula asumindo criterios non sexistas e fomentando no alumnado unha actitude crítica e aberta cara á lingua. Por outra banda, o ambiente que se cree na aula debe facilitar por si mesmo unha educación moral e cívica fundamentada no respecto, no diálogo e na autocrítica do alumnado que forma parte da comunidade grupal e escolar.

Os contidos transversais cos que se traballará relaciónanse a seguir:

**A educación cívica** será a base e o punto de referencia en torno ao que xiren os demais temas transversais. Esta axudará a analizar criticamente a realidade cotiá e as formas sociais vixentes, de xeito que sirva para idear formas máis xustas e axeitadas de convivencia. A educación cívica quere formar hábitos de convivencia que reforcen os valores de xustiza, solidariedade, cooperación ou respecto pola natureza.

**A educación ambiental** non se referirá só ao ámbito da natureza en xeral senón que terá en conta os ámbitos máis próximos e concretos como a localidade, o barrio, a casa, o Centro de Ensino, etc. A urxencia dos problemas ambientais non é o único que xustifica a incorporación da educación ambiental ao currículo. Os procesos de

aprendizaxe e o desenvolvemento das persoas contribúen a descubrir a necesidade de propiciar desde a escola unha relación positiva e harmónica entre o home e o seu medio.

**A educación do consumidor** trata de consolidar e avanzar na investigación dos temas de consumo a través do coñecemento e da práctica dos seus dereitos e obrigas usando, ante os feitos de consumo, actitudes propias do coñecemento científico, valorando criticamente o impacto da sociedade de consumo sobre o medio e sendo capaz de actuar de forma responsable. Terase en conta o feito histórico do consumo, pero circunscribirase máis á sociedade actual, que non só elabora produtos senón consumidores, fenómeno este que xera necesidades sen sentido, sen discriminación de idade ou de condición, nin diferenza entre o necesario e o superfluo.

**A educación para a igualdade de oportunidades** de ámbolos sexos persegue que as desigualdades baseadas no sexo/xénero que se producen na sociedade non sexan transmitidas pola educación académica, así como eliminar calquera tipo de discriminación ou de intolerancia, non só no plano das ideas senón no das condutas persoais e sociais, reflectidas no vivir diario, medios de comunicación, nos centros de traballo, nos lugares de ocio, etc.

**A educación para a paz** será considerada como unha premisa para a xustiza. Non é un pacifismo neutro senón activo e responsable, no que está implicada a propia liberdade, limitada pola liberdade dos demais. Educar para a paz será un xeito particular de educar en valores e, ademais, unha educación para a acción.

**A educación para a saúde** oriéntase no senso da saúde física, biolóxica, mental e social, sen omitir as prácticas que inciden negativamente na saúde.

**A educación sexual** axudará a descubrir a dimensión afectiva da relación sexual e a rexeitar condutas sexistas tanto nos medios de comunicación coma no ámbito familiar, escolar e social, así como a asumir pautas de conduta integradoras e respectuosas da diversidade por razón de sexo.

**A educación viaria** tenderá a profundar no estudio do contorno e a inculcar no alumnado o sentido da responsabilidade, referido á condución de bicicletas e ciclomotores, para inicialo, posteriormente, na aprendizaxe das normas, dos sinais e dos consellos relativos á súa condución. Abordaranse desde as normas de circulación e as consecuencias derivadas do seu incumprimento, así como desde os coñecementos teóricos que achega a ciencia.

## 17. EDUCACIÓN EN VALORES

Propoñemos os seguintes contidos:

- Educación para a paz e a solidariedade entre os pobos e as persoas. A lectura de textos literarios pode servir para promover a reflexión sombre a compasión, a xustiza social e a solidariedade.
- Educación para a interculturadidade, pois a realidade española e galega actual obríganos a elo e así se pode propiciar un acercamento do alumnado español hacia o de outras culturas.
- Educación para a igualdade entre sexos,comparando a través da literatura a situación anterior e a actual. O obxectivo é valorar o progreso e o avance nas ideas que foron beneficiosas para todas as persoas, ao evitar a discrinación por razón de xénero.
- Educación para a defensa do medio ambiente e respeto polos seres vivos, empezando polo entorno máis inmediato como a limpeza da aula, do centro, do barrio, da cidade. Ademáis, estimularase o respeto polos seres vivos con debates sobre aspectos da actualidade que predispongan os alumnos a rexeitar o maltrato os animais.
- Eduacación vial, xa que o respeto das nornas de circulación de persoas e vehículos nas cidades é un obxeto de estudio clave para a educación en valores.

- Educación para o uso adecuado das novas tecnoloxías, xa que os alumnos buscan información na web, comunícanse por medio de chats, correo electrónico ou redes sociais. Haberá, polo tanto, que traballar nas normas de este acceso á información e previr os perigos que entraña o mundo da comunicación virtual para os xóvenes.
- Educación para a democracia e os derechos humanos, que son primordiais para que o alumno valore o progreso das ideas de igualdade e xusticia social.
- Educación para a saúde, xa que o profesor debe motivar hábitos de vida saludable entre o alumnado e facerlles ver a importancia de evita adicións de calquera tipo.

| **Principios e valores que se traballan na aula** | **Instrumento de avaliación** |
|---|---|
| Solidariedade, respecto e tolerancia | Observación na aula. Traballo en equipo |
| Esforzo individual | Observación na aula. Caderno de clase. Probas escritas |
| Motivación | Observación na aula. Caderno de clase |
| Prevención de conflitos | Observación na aula. Discusión e tratamento en grupo de todas as problemáticas que xorden na aula |
| Responsabilidade individual | Control dos deberes, do material necesario (libro, caderno...) |
| Igualdade entre homes e mulleres | Observación na aula. |

## 18. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO DIDÁCTICO.

### INTERCAMBIO CUN CENTRO DE NORUEGA

Este intercambio estase levando a cabo dende o ano 2019.

Esta iniciativa xurdíu dan man do Departamento de Liguas Modernas da USC. Tamén participa a Consellería de Educación e o propio Centro.

Este curso 10 alumnos e alumnas de 1º de Bacharelato marcharon a Oslo o 3 setembro e voltarán o 1 de outubro. O alumnado noruego pasará en Santiago a súa estadía entre finais de xaneiro e de febreiro do 2023 (nos dous casos, unhas catro semanas).

Dende a Xefatura de Estudos dos dous Centros se lles propón un horario de actividades ao alumnado. Tamén terán tempo para coñecer a cidade.

### ERASMUS +

O alumnado de 1° Bach dos grupos de Rodrigo Ruiz participarán no programa *Erasmus*+ *Fract*uras. Este programa conta coa colaboración de 7 departamentos do noso instituto. Iniciouse no curso 2021-22 e continuará ata o 2° trimestre do curso 2022-23. O alumnado traballará todas as destrezas relacionadas coa aprendizaxe dunha lingua estranxeira para tratar o tema das fracturas sociais tal e como están contempladas no Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da UNESCO.

### VIRTUAL EXCHANGE

En colaboración coa empresa Prometour, o alumnado do noso centro (falta saber que grupos....) terá a oportunidade de facer un intercambio virtual con alumnado de países de fala inglesa. O intercambio estará guiado e supervisado polos docentes dos grupos que participen nel.

**CHARLAS TEMÁTICAS DO PROGRAMA “A PONTE”**

Cando se convoquen estas actividades, pretendemos solicitar algunha charla deste programa.

Hai outras actividades que se estuda en poder realizadas, se as circunstancias o permiten:

**PROXECTO: NUMAX NA ESCOLA**

LUGAR: sala de cine NUMAX (Santiago de Compostela)

ALUMNADO: ESO e BACHARELATO

PROXECCIÓNS: Tentarase levar aos cursos agrupados de dous en dous. O número de películas e grupos dependerá do interese das películas que se oferten.

CUSTO: 4 € por alumno/a (parte desta cantidade é aportada pola ANPA do Centro).

**OBXECTIVOS:**

▪ Inculcar o amor ao cine participando do visionado de películas contemporáneas, especialmente cine de estrea e reposición de cine clásico, nunha sala da nosa cidade.

▪ Entrar en contacto coa língua inglesa a través do cine en versión orixinal.

▪ Entender o cine como arte, técnica e medio de expresión.

▪ Estimular a capacidade crítica como espectadores.

▪ Aprender a interpretar a nosa historia a través do cine.

**SAIDAS EXTRAESCOLARES**

No que respecta ao alumnado da quenda de adultos, este apartado queda aberto no caso de que xurda algunha actividade específica.

## 19. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

### 19.1. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado. | | | | |
| 2. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado. | | | | |
| 3. Conseguiuse motivar a todo o alumnado. | | | | |
| 4. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado. | | | | |
| 5. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado. | | | | |
| 6. Adoptáronse as medidas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE. | | | | |
| 7. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado. | | | | |
| 8. Usáronse distintos instrumentos de avaliación. | | | | |
| 9. Valorouse adecuadamente o traballo do alumnado na aula. | | | | |

### 19.2. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado. | | | | |
| 2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa. | | | | |
| 3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade. | | | | |
| 4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE. | | | | |
| 5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar. | | | | |
| 6. Poténcianse estratexias de animación á lectura. | | | | |
| 7. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita. | | | | |
| 8. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe. | | | | |
| 9. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc. | | | | |
| 10. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc. | | | | |
| 11. Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación... | | | | |

## 20. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

### 20.1. PERIODICIDADE COA QUE SE REVISARÁ A PROGRAMACIÓN

A programación didáctica revisarase unha vez ao trimestre, coincidindo coas tres avaliacións. O profesorado presentará o nforme correspondente nas preceptivas reunións de departamento.

### 20.2. INDICADORES DE AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

| | Escala | | | |
|---|---|---|---|---|
| | 1 | 2 | 3 | 4 |
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas a partir dos elementos do currículo. | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas. | | | | |
| 3. Adecuación dos mínimos esixibles para superar a materia. | | | | |
| 4. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | |
| 5. Adecuación da metodoloxía empregada. | | | | |
| 6. Adecuación dos materiais e recursos didácticos utilizados. | | | | |
| 7. Adecuación das medidas de atención á diversidade. | | | | |
| 8. Asociación dos estándares cos elementos transversais. | | | | |
| 9. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación. | | | | |
| 10. Adecuación dos criterios establecidos para a cualificación. | | | | |
| 11. Adecuación dos criterios establecidos para a promoción. | | | | |
| 12. Adecuación do deseño da avaliación inicial. | | | | |
| 13.Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| materias de 2º de bacharelato]. | | | | |
| 14. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento e avaliación de materias pendentes. | | | | |
| 15. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. | | | | |
| 16. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | |
| 17. Contribución desde a materia ao plan de convivencia do centro. | | | | |
| 18. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | |
| 19. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | |
| 20. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | |

## 21. ADAPTACIÓN Á DOCENCIA NON PRESENCIAL

Ante todo, somos conscientes de que o cumprimento dos diferentes protocolos establecidos polo centro para poder levar a cabo a actividade docente dun xeito seguro fará que a duración das sesións de clase poida verse reducida. Polo tanto, esta Programación será considerada como un documento flexible.

No caso de ter que recurrir ao ensino a distancia,, teremos en conta as seguintes indicacións:

- Nesta situación, seguiríamos coa mesma organización e secuenciación dos contidos. Aínda así, se tratará de simplificalos e se terán en conta os contidos mínimos esixibles.

- O profesorado adaptará a metodoloxía ordinaria establecida na programación didáctica á canle ou canles que considere máis axeitadas ás circunstancias. Así, utilizaremos preferentemente a Aula Virtual do centro., ainda que o profesorado poderá recurrir a outra plataforma coma Cisco-Webex.

- Dentro das limitacións da aprendizaxe telemática, procurarase realizar o mesmo tipo de actividades que se realizan na ensinanza presencial.

Os tipos de materiais e recursos didácticos empregados na aprendizaxe do inglés son moi numerosos. O profesorado seleccionará os que considere máis adecuados a esta circunstancia, por exemplo:

Libro de texto e materiais complementarios. Libro dixital (As diferentes editoriais facilitarán a posibilidade de utilizar este e outros recursos).
Follas de traballo proporcionadas polo-a profesor-a, necesarios para desenvolver os estándares imprescindibles.
Textos, audicións e videos libremente accesibles en internet.
Ligazóns de internet.
Powerpoints

- O obxectivo é fomentar a constancia no traballo, polo tanto se valorará o envío das tarefas na forma e prazo establecidos; que o alumnado manteña unha comunicación regular co docente e participe na actividade académica con regularidade e que participe nos foros.

## 22. RÚBRICAS

**22.1.**

**EXPRESIÓN ESCRITA - ESO**

| | Moi ben | Ben | Regular | Mellorable | Moi mellorable |
|---|---|---|---|---|---|
| PRESENTACIÓN | A composición segue as pautas para a presentación de traballos escritos.<br>• letra axeitada<br>• liñas correctamente espazadas<br>• marxes<br>• parágrafos con sangrías<br>• texto correctamente xustificado.<br>• limpeza sen usar correctors<br>**0.2** | A composición segue as pautas de presentación requiridas.<br>• letra axeitada<br>**un fallo** entre:<br>• espazado entre liñas<br>• marxes<br>• parágrafos con sangrías<br>• texto correctamente xustificado<br>• limpeza sen uso de correctores<br>**0.15** | A composición non segue varias das pautas de presentación requiridas.<br>• letra non ben lexible<br>**dous fallos** entre:<br>• espazado entre liñas<br>• marxes<br>• parágrafos con sangrías<br>• texto correctamente xustificado<br>• limpeza sen uso de correctores<br>**0.1** | A composición non segue a maioría das pautas de presentación requiridas.<br>• letra non ben lexible<br>**máis de dous fallos** entre:<br>• espazado entre liñas<br>• marxes<br>• parágrafos con sangrías<br>• texto correctamente xustificado<br>• limpeza sen uso de correctores<br>**0.05** | A composición non segue as pautas de presentación requiridas.<br>• letra ilexible<br>• non se respectan os demais aspectos<br>**0** |
| ADECUACIÓ | Moi ben a tarefa.<br>Axústase plenamente a:<br>• formato requirido<br>• extensión indicada (cunha variación de ata o 10%)<br>• tipo e xénero textuais<br>Contén:<br>• todos os apartados ben desenvolvidos<br>• ideas relevantes e | Ben a tarefa.<br>Segue as instrucións co formato requirido.<br>**un fallo** entre:<br>• extensión indicada (cunha variación de ata o 25%)<br>• tipo e xénero textuais<br>• os apartados ben desenvolvidos<br>• ideas relevantes e ben | Tarefa suficiente.<br>Segue a maior parte das instrucións.<br>**dous fallos** entre:<br>• extensión indicada (cunha variación de ata o 50%)<br>• tipo e xénero textuais<br>• os apartados ben desenvolvidos | Tarefa insuficiente.<br>Segue a maior parte das instrucións.<br>**máis de dous fallos** entre:<br>• extensión indicada (cunha variación de ata o 75%)<br>• tipo e xénero textuais<br>• os apartados ben desenvolvidos | Non cumpre a tarefa ou incúmprea en máis do 75% dos apartados.<br>**Non se axusta** en:<br>• extensión indicada (cunha variación de máis do 75%)<br>• tipo e xénero textuais<br>• os apartados ben desenvolvidos |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| N | ben diferenciadas.<br>• rexistro axeitado<br>Meticulosa planificación previa.<br>**0.3** | diferenciadas.<br>• rexistro axeitado<br>Planificación previa sinxela.<br>**0.25** | • ideas relevantes e ben diferenciadas.<br>• rexistro axeitado<br>Planificación previa moi superficial.<br>**0.15** | • ideas relevantes e ben diferenciadas.<br>• rexistro axeitado<br>Non hai planificación previa.<br>**0.1** | • ideas relevantes e ben diferenciadas.<br>• rexistro axeitado<br>Non se comprende.<br>**0** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **COHER. e COHES.** | • Ideas correctamente distribuídas en parágrafos<br>• Unidade temática<br>• Información progresiva, ordenada e sen contradicións<br>• Puntuación correcta<br>• Uso de conectores textuais e outros mecanismos de substitución (hiperónimos, hipónimos, sinónimos, pronomes...)<br>• Comprensión óptima<br>**0.25** | • Ideas distribuídas en parágrafos sen contradicións<br>• Unidade temática<br>• Erros pouco relevantes na progresión da información, organización e puntuación<br>• Uso dalgúns conectores textuais e mecanismos de substitución (hiperónimos, hipónimos, sinónimos, pronomes...)<br>• Comprensión boa<br>**0.2** | • Ideas organizadas en parágrafos, pero non ben distribuídas<br>• Unidade temática pouco definida<br>• Contradicións na cohesión que afectan ó contido por erros na progresión da información, a organización ou a puntuación<br>• Fallos na coherencia que só poden ser resoltos polo contexto.<br>• Uso escaso de conectores<br>• Comprensión aceptable<br>**0.1** | • Ideas non ben organizadas nos parágrafos<br>• Unidade temática case inapreciable<br>• Contradicións evidentes na cohesión que afectan ó contido<br>• Erros importantes na progresión da información, a organización e/ou a puntuación<br>• Fallos na coherencia que obrigan a reler o texto máis dunha vez<br>• Non se usan os conectores estudados<br>• Difícil comprensión<br>**0.05** | • Ideas sen ningún tipo de orde lóxica nos parágrafos.<br>• Non hai unidade temática<br>• Erros frecuentes ou mesmo ausencia de puntuación<br>• Carece de cohesión e coherencia<br>• Comprensión nula<br>**0** |
| **LÉ XI CO** | • Vocabulario rico, axeitado ao rexistro e ao tema<br>• Sen interferencias | • Vocabulario correcto con algunha imprecisión léxica<br>• Ata 3 interferencias | • Algúns erros de vocabulario<br>• Bastantes imprecisións léxicas | • Erros no emprego de vocabulario<br>• Vocabulario pouco axeitado | • Vocabulario non apropiado<br>• Abuso de retrousos e expresións |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | 0.25 | 0.15 | • Ata 6 interferencias<br>0.1 | • Repetición de termos<br>• Ata 10 interferencias<br>0.05 | feitas<br>• Máis de 10 interferencias<br>0 |
| **MORFOSINTAX.** | • Estrutura correcta das oracións con sentido pleno<br>• Non hai erros gramaticais no uso dos tempos verbais, na concordancia, as preposicións ou noutras formas gramaticais<br>**0.3** | • Algún erro gramatical pouco relevante non traballado especificamente<br>• Non hai alteracións sintácticas e a comprensión non se ve afectada<br>**0.25** | • Varios erros gramaticais e/ou sintácticos pouco relevantes non traballados especificamente na clase sen que dificulten a comprensión<br>**0.15** | • Numerosos erros gramaticais e/ou sintácticos que, sen seren abundantes, pertencen a aspectos traballados na clase e dificultan a comprensión do texto<br>**0.05** | • Numerosos erros gramaticais e/ou sintácticos repasados especificamente na clase e dificultan moito a comprensión do texto<br>**0** |
| **ORTOGRAF.** | • Non hai erros de grafías nin acentos<br>**0.2** | • Algúns erros nas grafías considerados pouco importantes<br>• Non comete equívocos na acentuación<br>**0.15** | • Varios erros de grafías ou palabras sen acentuar ou mal acentuadas non repasadas especificamente<br>• Non se ve perxudicada a comprensión<br>**0.1** | • Abundantes erros ortográficos relevantes xa estudados<br>**0.05** | • Moitos e graves erros ortográficos con predominio daqueles revisados na clase<br>**0** |

**22.2.**

**EXPRESIÓN ORAL - ESO**

| | Moi ben | Ben | Regular | Mellorable | Moi mellorable |
|---|---|---|---|---|---|
| **Xestualidade,**<br><br>**postura, voz, conexión co receptor/es** | • Mantén unha postura adecuada<br><br>• Mira sempre o receptor/es<br><br>• Xestualiza de forma axeitada<br><br>• Volume de voz, fluidez e ritmo axeitados<br><br>• Controla os nervios sen problema<br><br>**0.2** | • Mantén unha postura adecuada<br><br>• Mira o público<br><br>• Xestualiza pouco pero de forma axeitada para captar a atención e transmitir mellor<br><br>• Ton e volume axeitados<br><br>• Transloce os nervios pero logra controlalos.<br><br>**0.15** | • Mantén unha postura adecuada<br><br>• Mira á fronte pero non mira o público<br><br>• Apenas xestualiza, pero cando o fai mellora a interacción.<br><br>• O ton ou o volume non son axeitados<br><br>• Discurso pouco fluído e natural.<br><br>**0.1** | • Non mantén a postura todo o tempo<br><br>• Non mira sempre o público<br><br>• Non xestualiza<br><br>• Exprésase con dificultade<br><br>• O discurso carece de fluidez e naturalidade<br><br>• Resulta difícil entendelo **0.05** | • Postura incorrecta<br><br>• Non mira o público<br><br>• Non xestualiza (ou non o fai de xeito axeitado)<br><br>• Exprésase con moita dificultade<br><br>• O ton e o volume son inadecuados e imposibilitan a comprensión<br><br>**0** |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Fonética** | Pronuncia e entoa correctamente. **0.2** | Pronuncia e entoa incorrectamente de maneira puntual. **0.15** | Mostra dificultades para entoar e pronunciar correctamente. **0.1** | Pronuncia e entoa incorrectamente. **0.05** | A súa pronuncia e entoación dificultan moito a comprensión. **0** |
| **Léxico** | • O seu vocabulario é rico e axeitado ao rexistro e ao tema<br>• Non ten interferencias<br>**0.2** | • Algunha imprecisión léxica<br>• Ata 3 interferencias<br>**0.15** | • Bastantes imprecisións léxicas<br>• Ata 6 interferencias<br>**0.1** | • Vocabulario pouco axeitado<br>• Repetición de termos<br>• Ata 10 interferencias<br>**0.05** | • Vocabulario non apropiado<br>• Abuso dos retrousos e expresións feitas<br>• Máis de 10 interferencias<br>**0** |
| **Morfoloxía e sintaxe** | Exprésase correctamente sen erros nin interferencias gramaticais. **0.2** | Comete puntualmente algún erro, que **autocorrixe**. **0.15** | Comete algúns erros pouco importantes sintácticos ou morfolóxicos que **non corrixe**. **0.1** | Comete erros que **non corrixe**. **0.05** | Non ten dominio básico da gramática. Ten interferencias constantes con outras linguas. **0** |
| **Adecuación e tempo** | • Axústase a todos os obxectivos da tarefa<br>• Respecta o | • Axústase ao obxectivo principal da tarefa, aínda que non a todos os demais | • Axústase de maneira suficiente aos obxectivos establecidos<br>• Non respecta o | • Incumpre máis da metade dos obxectivos da tarefa<br>• Non respecta o | • Incumpre practicamente todos os obxectivos da tarefa<br>• Non respecta o |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| tempo establecido **0.2** | • Respecta o tempo establecido **0.15** | tempo establecido **0.1** | tempo establecido **0.05** | tempo establecido **0** |

Santiago,26 de setembro de 2022

A Xefa do departamento

Mª Elvira Souto Grandal